XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

FEDER
Fondo Europeo de Desarollo Regional
UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

axencia galega de infraestruturas

CLAVE	TIPO DE ESTUDO
AC/16/197.06	PROXECTO CONSTRUTIVO

TITULO

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241

DESIGNACIÓN	PUNTOS QUILOMETRICOS
SAN GREGORIO - ROZADELA	**P.Q. 2+540 a 3+490**

PROVINCIA	REDE
A CORUÑA	PRIMARIA BASICA

DOCUMENTOS

TOMO UNICO

MEMORIA, PLANOS E PRESUPOSTO

ENXEÑEIRA DIRECTORA DO PROXECTO

Mª JESÚS TEJADA LÓPEZ

ENXEÑEIRO AUTOR DO PROXECTO

PABLO BLANCO FERREIRO

PBL	DATA	CONSULTOR
308.968,33 €	XUÑO 2017	ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.
PBL + IVE	**EXEMPLAR**	
373.851,68 €	1	

H:\ALE\2\2017\Sendas\Itinerario Peonil E Ciclista Na AC-241. Treito Conexión San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490\0-Portada.dwg

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241. TREITO: SAN GREGORIO – ROZADELA

P.Q. 2+540 – 3+490

INDICE DO PROXECTO

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

ANEXOS Á MEMORIA

ANEXO Nº01: ANTECEDENTES
ANEXO Nº02: CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA.
ANEXO Nº03: XEOLOXÍA E XEOTECNIA
ANEXO Nº04: EFECTOS SÍSMICOS
ANEXO Nº05: CLIMATOLOXÍA E HIDROLOXÍA
ANEXO Nº06: PLANEAMENTO URBANÍSTICO
ANEXO Nº07: TRAZADO
ANEXO Nº08: MOVEMENTO DE TERRAS
ANEXO Nº09: FIRMES E PAVIMENTOS
ANEXO Nº10: DRENAXE
ANEXO Nº11: ESTRUTURAS
ANEXO Nº12: SOLUCIÓNS AO TRÁFICO
ANEXO Nº13: SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS
ANEXO Nº14: ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA
ANEXO Nº15: OBRAS COMPLEMENTARIAS
ANEXO Nº16: XESTIÓN DE RESIDUOS
ANEXO Nº17: ESTUDO DE SEGURIDADE E SALÚDE
ANEXO Nº18: COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS
ANEXO Nº19: EXPROPIACIÓNS
ANEXO Nº20: SERVIZOS AFECTADOS
ANEXO Nº21: PLAN DE OBRA
ANEXO Nº22: CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
ANEXO Nº23: XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
ANEXO Nº24: PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN
ANEXO Nº25: REVISIÓN DE PREZOS
ANEXO Nº26: VALORACIÓN DE ENSAIOS

DOCUMENTO Nº 2. PLANOS

ÍNDICE DE PLANOS

1. Situacion e emprazamento
2. Estado actual
3. Planta de conxunto
4. Planta xeral
5. Perfis
5.1. Lonxitudinais
5.2. Transversais
6. Seccións
6.1. Seccions tipo
6.2. Detalles
7. Planta de replanteo
8. Estruturas
9. Drenaxe
9.1. Planta de drenaxe
9.2. Perfís lonxitudinais
10. Sinalización e detalles
11. Obras Complementarias

DOCUMENTO Nº 3. PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

DOCUMENTO Nº 4. PRESUPOSTO

- MEDICIÓNS
- CADRO DE PREZOS Nº 1
- CADRO DE PREZOS Nº 2
- PRESUPOSTOS PARCIAIS
- PRESUPOSTO XERAL

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

ÍNDICE

1. ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS XERAIS
2. OBXECTO DO PROXECTO
3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA
4. XEOLOXÍA E XEOTECNIA
5. EFECTOS SÍSMICOS
6. PLANEAMENTO URBANÍSTICO
7. DESCRICIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA
   7.1 TRÁFICO
   7.2 ITINERARIO PROPOSTO: san gregorio – rozadela (P.Q. 2+540 – 3+490)
8. FIRMES E PAVIMENTOS
   8.1 OUTROS ASPECTOS
9. DRENAXE
   9.1 DRENAXE LONXITUDINAL
10. SINALIZACIÓN E SEGURIDADE VIARIA
11. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO
12. OBRAS COMPLEMENTARIAS E OUTRAS
13. EXPROPIACIÓNS E SERVIZOS AFECTADOS
14. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA
15. IMPACTOS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL.
16. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS
17. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE
18. ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS
19. CONTROL DE CALIDADE
20. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
21. PLAN DE OBRA
22. PRAZO DE EXECUCIÓN
23. PRESUPOSTO
24. PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN.
25. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
26. REVISIÓN DE PREZOS
27. PREGO DE CONDICIÓNS
28. PRAZO DE GARANTÍA
29. DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PRESENTE PROXECTO
30. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 123 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO
31. CUMPRIMIENTO DA LEI 8/1997 DE 29 DE AGOSTO DE "ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Y SU REGLAMENTO DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN" (DECRETO 35/2000, 28 XANEIRO).
32. OBRA COMPLETA
33. CONCLUSIÓN

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241.
SAN GREGORIO – ROZADELA. P.Q. 2+540 – 3+490

M E M O R I A

1. ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS XERAIS

Con data 16 de decembro de 2014 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o expediente de contratación en relación ao procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada para a adxudicación do: "Contrato de servizo de planificación de actuación de fomento da mobilidade sostible: Sendas peonís e/ou ciclistas na comarca de Santiago e redacción dos proxectos de construción derivados dela", con clave AC/14/067.06.

Unha vez analizada a documentación administrativa achegada polos licitadores, con data do 7 de maio de 2015 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudica o contrato á consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A..

Finalmente, o 26 de maio de 2015 formalízase o contrato entre as partes (Axencia Galega de Infraestruturas e a consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.), comezando a contar dende o día seguinte o prazo de execución determinado e comprometéndose a empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., á execución do traballo con estrita suxeición ao Prego de Prescricións Técnicas aprobado e a aceptación do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato.

Os traballos consisten, na redacción dun Estudo de Identificación de Sendas para definir a Estratexia para o Fomento da Mobilidade Sostible na Comarca de Santiago de Compostela e concellos Limítrofes, no que se levou a cabo unha análise da situación actual da área de estudo, no que respecta á mobilidade alternativa da poboación mediante o emprego de medios alternativos aos motorizados,en especial ao uso das sendas peonís e/ou ciclistas existentes, e se propuña a realización de actuacións concretas que permitiran potenciar esa mobilidade dentro da Comarca de Santiago e Concellos Limítrofes á mesma, nos que existe continuidade da rede autonómica de estradas.

En marzo de 2016 a Xunta de Galicia aproba os documentos: "Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia" e a "Estratexia para o fomento da mobilidade sostible na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos limítrofes:Clave AC/14/067.06", documentos de planificación para o desenvolvemento das estratexias en materia de mobilidade alternativa a nivel local.

2. OBXECTO DO PROXECTO

Na "Estratexia para o fomento da mobilidade sostible na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos limítrofes", centrado na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos Limítrofes, cofinanciadas por fondos europeos FEDER 2014-2020, que define como un dos seus obxectivos temáticos específicos "Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores" (Obxectivo temático 04) e dentro do cal se encaixan os seguintes conceptos:

- Obxectivo temático: 04 – Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores.

- Prioridade de investimento: 04.05 – Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluído o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación.

- Obxectivo específico:04.05.01 – Fomento da mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas.

- Liña de Actuación: 16 – Medidas de apoio ao desenvolvemento da mobilidade urbana e interurbana sustentable: sendas peonís e ciclistas.

- Actividade: 35 – Desenvolvemento dun plan de mobilidade urbana e interurbana sustentable: Sendas peonís.

relacionáronse os focos de atracción de peóns e/ou ciclistas (incluíndo focos de tipo comercial, sanitario, relixioso, deportivo, lúdico, industrial, residencial, ...) cos seus puntos de xeración correspondentes (fundamentalmente residencias), de xeito que se deduciron as rutas peonís e/ou ciclistas que os une, identificando aquelas xa existentes e finalmente realizouse unha análise comparativa da oportunidade de executar cada un dos treitos de senda

Desta análise xurde a necesidade da construción dun itinerario peonil e ciclista na estrada AC-241, mais concretamente no treito: San Gregorio – Rozadela (P.Q. 2+540 – 3+490), obxecto do presente proxecto.

Así pois, o conxunto de actuacións que se pretenden realizar, e que aparecen reflectidas no presente Proxecto, teñen por obxecto a definición de forma precisa das actuacións necesarias para dotar dun Itinerario Peonil á estrada AC-241, no treito que comunica os lugares de San Gregorio – Rozadela (P.Q. 2+540 – 3+490).

Coa implantación do itinerario peonil perséguese, como obxectivo principal, fomentar a mobilidade alternativa, e por tanto alcanzar unha diminución do tráfico rodado motorizado diario que actualmente existe entre os lugares de Rozadela e San Gregorio, xunto coa implantación do resto de itinerarios da zona, de xeito que a poboación dos devanditos núcleos empreguen a senda peonil para os seus desprazamentos cotiás en lugar do vehículo particular, contribuíndo deste xeito a unha redución das emisións de carbono, ao mesmo tempo que se contribúe á mellora da seguridade vial neste treito da estrada AC-241.



Equipamentos e servizos próximos á senda peonil proxectada.

As condicións e/ou criterios básicos de deseño para a construción de sendas e/ou itinerarios peonís e ciclistas nas estradas de titularidade autonómica son fixadas polos servizos técnicos da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia a través da Orde Circular 4/16 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na estratexia en materia de mobilidade alternativa e Galicia establecidos pola Orde Circular 3/2016, editada con data do 20 de xuño de 2016, e na que se contemplan os criterios básicos de deseño para a construción das devanditas sendas, de xeito que permitan circular en condicións de seguridade a peóns e, no seu caso, ciclistas nos deportivos.

Ao longo do presente proxecto describíranse, xustificaranse e valoraranse todas as actividades e aspectos relacionados coa obra, tendo en conta para elo as condicións económicas actuais e a necesidade de atender as múltiples necesidades co menor custe posible.

3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

A cartografía empregada inicialmente correspóndese coa facilitada pola Xunta de Galicia a escala 1:5000. Adicionalmente levouse a cabo un levantamento topográfico para a correcta definición das obras.

No *Anexo nº2. Cartografía e Topografía* faise cumprida descrición dos traballos cartográficos realizados, relacionándose os procedementos topográficos para a situación das bases de replanteo e o cálculo das poligonais, que permitiron replantear os puntos do eixe, e tomar os datos de campo necesarios para a correcta definición do Proxecto.

4. XEOLOXÍA E XEOTECNIA

Achégase no *Anexo nº3. Xeoloxía e Xeotecnia* as características xeolóxicas e xeotécnicas máis salientables da zona.

5. EFECTOS SÍSMICOS

Á hora de ter en conta ou non os posibles efectos sísmicos sobre as obras proxectadas, consultouse a "Norma de Construción Sismorresistente: pontes". NCSP-07. Real Decreto 637/2007 de 18 de maio.

Dadas as características das obras e a zona de actuación non se requiren a consideración dos posibles efectos sísmicos.

No *Anexo nº4. Efectos sísmicos* xustifícase detalladamente o cumprimento da normativa vixente.

6. PLANEAMENTO URBANÍSTICO

As obras proxectadas atópanse integramente no Concello de Vedra.

As normas urbanísticas vixentes actualmente no concello son: As normas urbanísticas vixentes actualmente no concello son:

Concello	Figura	Data Aprobación
Vedra	Plan Xeral de Ordenación Municipal	*Primeira aprobación definitiva parcial condicionada: 30/01/2007 (publicada no DOG: 12/02/2007) *Orde de aprobación definitiva final 08/05/2007 (publicada: BOP: 23/06/2007 e DOG: 24/05/2007) Normativa publicada no BOP: 23/06/2007

Segundo o PXOM vixente no Concello de Vedra, o solo no treito de actuación (P.Q. 2+540 – 3+490) atópase clasificado como:

- Solo Rústico de protección de Infraestruturas:
  Ordenanza 18: P.Q. 2+570 a 3+220
- Solo núcleo Rural:
  Ordenanza N-1: P.Q. 3+290 a 3+490
  Ordenanza N-2: P.Q. 2+540 a 2+570 e P.Q. 3+220 a 3+290

As actuacións recollidas no presente proxecto cumpren coas prescripcións recollidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vedra.

No *Anexo nº6. Planeamento Urbanístico* atópanse recollidas as prescripcións referentes a cada tipo de solo atravesado polas actuacións.

7. DESCRICIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA

O itinerario peonil e ciclista na AC-241 proxéctase pola marxe esquerda da mesma.

A estrada AC-241 discorre entre o Concello de Vedra e o Concello de Teo.

Esta estrada comeza no Concello de Vedra ata o P.Q. 10+440 aproximadamente, para pasar a facelo polo Concello de Teo. Conta cunha lonxitude total de 10.380 m sendo a vía principal de comunicación entre numerosos núcleos do interior de ambos Concellos.

O trazado en planta da presente actuación comeza no P.Q. 2+540, no lugar de Rozadela e remata no P.Q. 3+490, no lugar de San Gregorio, ambos lugares pertencen á parroquia de San Mamede de Ribadulla –Concello de Vedra.

Actualmente a estrada AC-543 conta cunha calzada de 6,0 m aprox. (2x3,00 m) e con beiravías a ambos lados variables, entre 0,8 e 1,0 m.

Estrada AC-241:



Imaxe: Catálogo Visual de Estrada – Xunta de Galicia

O itinerario peonil proposto parte do lugar de Rozadela, no cruce da AC-241 coa estrada provincial DP-8902, e remata en torno ao P.Q. 3+490 no cruce cunha estrada de titularidade municipal:



Zona inicio actuacións. Cruce coa DP-8902

Fin de actuacións. P.Q. 3+490

Tanto o trazado en planta como en alzado (pendente lonxitudinal) serán as actuais da estrada, dado que coa presente proposta non se persegue unha mellora do trazado ao tratarse dunha ampliación da sección transversal que permita dotar, pola marxe esquerda, dun itinerario peonil a estrada AC-241.

Para elo ampliarase a sección transversal para albergar os novos elementos que pasaran a formar parte da nova plataforma, de xeito que será preciso realizar pequenos desmontes ou terrapléns co fin de obtelo ancho óptimo para o noso itinerario peonil, buscando así a integración da senda na vía actual en condicións de seguridade axeitadas e cuns criterios de deseño sostibles ambiental e economicamente.

Para a execución da nova sección tomouse como referencia a liña de borde actual (marca vial branca (M-2.6)), mantendo a beiravía existente en todo o treito de actuación.

Unha vez realizado o eixo realizarase a ampliación da plataforma cara ese lado ata conseguir o ancho desexado para a execución do itinerario.

Os parámetros de alzado existente no tronco non sufrirá variacións respecto ao trazado actual, salvando zonas moi puntuais correspondentes ao acceso a vivendas, que se atopan a unha cota inferior da estrada, polo que será preciso adaptar o trazado lonxitudinal da senda aos mesmos.

O eixe da senda mecanizouse empregando o programa informático CLIP co fin de obter as características xeométricas da mesma e os movementos de terra necesarios. Mantívose a correspondencia de P.Q. do eixo de deseño cos P.P.Q.Q. actuais da estrada.

7.1 TRÁFICO

Consultouse a Memoria de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia do ano 2015, editada pola Xunta de Galicia, na que segundo o Mapa de Aforos de Tráfico para ese mesmo ano, despréndese que a estrada AC-543 ten unha IMD que oscila entre os 10.000 e 15.000 veh/día.



Fonte: Memoria de Estradas 2015 – Xunta de Galicia

Considerase que a intensidade de peóns e ciclistas será elevada, debido a que se trata dun treito que conecta con dous lugares, San Gregorio - Rozadela (Concello de Vedra) onde se concentran diferentes equipamentos tales como o centro social de San Mamede de Ribadulla, a pista deportiva existente preto ao centro social e o campo de fútbol de San Mamede.

7.2 ITINERARIO PROPOSTO: SAN GREGORIO – ROZADELA (P.Q. 2+540 – 3+490)



Unha vez analizadas as características da zona (entorno, tráfico, centros de atracción, etc.), así como o espazo dispoñible e a simplicidade das obras, a solución proposta é a seguinte:

- O itinerario peonil e ciclista discorrerá en todo o seu percorrido pola marxe esquerda da estrada AC-241.
- O espazo en planta varía en zonas moi puntuais do trazado, buscando a máxima homoxeneidade do itinerario e unha maior integración co medio.
- A sección tipo (para un ancho medio de 3,14 m) é a seguinte:



- Bordo tipo AXI prefabricado: bordo delimitador prefabricado de formigón gris, de sección rectangular de 22 cm de base (inferior) e 12 cm de altura, con chaflán redondeado na súa cara exterior se se coloca en borde, colocado de xeito que a senda e mailo bordo vaian elevados 3 cm sobre a rasante da calzada.
- Separador vexetal: franxa de 90 cm mín. de ancho que permite dar maior amplitude ao espazo de tránsito. Deseñase deste ancho co fin de dispoñer baixo esta zona verde a drenaxe lonxitudinal.
- Bordo tipo AXI prefabricado: bordo interno, de características idénticas ao situado entre a calzada e a senda, que delimita a zona verde da senda peonil, entre o que se intercalará un bordo tipo AXI prefabricado bicapa (formigón gris en base e negro na parte superior mediante adición de pigmento Formirapid nero 330, de dimensións idénticas ao prefabricado de formigón gris) no que irá plasmado o logotipo da estrada.
- Zona peonil: ancho mín. 1,80 m.

<u>Zonas de adaptación de entrada a vivendas:</u>

Existe unha zona puntual, correspondentes ao acceso dunha vivenda, que se atopa a unha cota inferior da estrada, na que é preciso adaptar o trazado lonxitudinal da senda para garantir á accesibilidade á mesma:

- P.Q. 3+370 a 3+387:

Neste treito, a cota de entrada á vivenda atópase 0,38 cm máis baixa que a estrada.

A sección tipo desta zonas puntual é a seguinte:



Outras zonas

Ao longo de todo o itinerario peonil faise precisa a execución de muros para sostemento de terras. Estes muros deseñáronse en pedra granítica. As súas características e cálculos aparecen reflectidos no Anexo nº11.

Na coronación dos muros proxéctase un zuncho de formigón armado, de 25 cm de espesor, onde irá ancorada a varanda metálica:



Sección Tipo 3
P.Q. 2+980 a 3+050
P.Q. 3+238 a 3+258
P.Q. 3+268 a 3+305
P.Q. 3+309 a 3+349

Entre os P.Q. 3+414 a 3+467 actualmente xa existe un muro de formigón, polo que se optou por conservalo e proxectar un paralelo de pedras graníticas, de xeito que se logra unha maior integración co entorno:



Sección Tipo 4
P.Q. 3+414 a 3+467

8. FIRMES E PAVIMENTOS

Seguindo os criterios establecidos pola Orde Circular 4/2016, pola que se actualizan os criterios das actuacións contempladas na Estratexia en materia de Mobilidade Alternativa de Galicia establecidos pola Orde Circular 3/2016, a solución adoptada foi a seguinte:

- Solución 1: Como criterio xeral e para todo o treito de actuación,como se recolle no *Anexo nº7. Trazado,* a solución adoptada foi a seguinte:



Os elementos que a compoñen son:

- Bordo tipo AXI prefabricado: bordo delimitador prefabricado de formigón gris, de sección rectangular de 22 cm de base (inferior) e 12 cm de altura, con chaflán redondeado na súa cara exterior se se coloca en borde, colocado de xeito que a senda e mailo bordo vaian elevados 3 cm sobre a rasante da calzada.

- Separador vexetal: franxa de 50 cm mín. de ancho que permite dar maior amplitude ao espazo de tránsito. Deseñase deste ancho co fin de dispoñer baixo esta zona verde a drenaxe lonxitudinal.
- Bordo tipo AXI prefabricado: bordo interno, de características idénticas ao situado entre a calzada e a senda, que delimita a zona verde da senda peonil, entre o que se intercalará un bordo tipo AXI prefabricado bicapa (formigón gris en base e negro na parte superior mediante adición de pigmento Formirapid nero 330, de dimensións idénticas ao prefabricado de formigón gris) no que irá plasmado o logotipo da estrada.
- Zona peonil: ancho mín. 1,80 m.

Seguindo o disposto para "Camiños Naturais. Manual de aspectos construtivos. 6. Normalización de aspectos construtivos" do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, tomouse a seguinte solución construtiva:

- Capa de asento:

Eliminárase a capa terra vexetal existente. A explanada sobre a que se asente a senda en toda a súa lonxitude será como mínimo chan axeito, do que se lle esixirá un CBR ≥10 e unha compactación mínima do 98 % do Próctor Modificado:

A senda peonil proxectada, en toda a súa lonxitude, terá como mínimo unha explanada tipo S2 e tráfico C4 definido na páxina 33 das recomendacións para o deseño de camiños rurais, antes mencionada:

Tipo de explanada	CBR	Módulo de deformación EV2 (kp/cm²)	Inspección visual
S0	3-5	150-250	Terrenos de mala calidad, bastante deformables, en los que el paso de unos pocos vehículos pesados sobre la explanada húmeda provoca fuertes roderas, haciendo inviable la circulación. En general, sus partículas son finas y plásticas. Pueden contener también algo de materia orgánica, detectable por su color oscuro y su olor (análogos a los de la tierra vegetal), u otros materiales que pueden provocar deformaciones apreciables. Así mismo puede ser el caso de rellenos recientes poco compactos, que en general se reconocen por contener en su interior restos o desechos, por ejemplo plásticos, cascotes, etc.
S1	5-10	250-500	Terrenos de calidad media, deformables, pero no exageradamente (es posible la circulación), con el paso de unos pocos vehículos pesados sobre la explanada húmeda. Se trata de suelos granulares (gravas, arenas, etc.) con partículas finas relativamente plásticas.
S2	> 10	> 500	Terrenos de buena calidad en los que el paso de vehículos pesados sobre la explanada húmeda no produce prácticamente huella. Están compuestos, en general, por gravas y arenas con pocos finos plásticos.

Para a formación desta explanada (S2) aplicarase sobre o solo existente 45 cm de solo seleccionado co fin de logralas características axeitadas (CBR ≥ 10 e EV2> 50 MPa).

- Pavimento:

A OC 4/2016, establece para o deseño en zonas urbanas ou asimilables a urbanas, en zonas con edificación dispersa, que o pavimento a empregar será de cor óxido de ferro marrón en zona peonil ou zona compartida peonil e ciclista e que a sección será de 16 cm de formigón HF-3,5:



Figura 6.3.3. Catálogo de Secciones.
Fuente: Guía de empleo, proyecto y ejecución de pavimentos de hormigón en entornos urbanos. La respuesta sostenible para nuestros pueblos y ciudades. Instituto español del cemento y sus aplicaciones. 2002.

En base ao citado anteriormente, o paquete de firme a empregar en toda a zona de actuación, seguindo o disposto para "Camiños Naturais. Manual de aspectos construtivos. 6. Normalización de aspectos construtivos" do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio, e a OC 4/2016, é o seguinte:

- 16 cm de pavimento de formigón HF-3,5, coloreado en central ou con posterior estendido superficial por medio da aplicación de pigmento Chromafer in6086, óxido de ferro marrón, con acabado pulido mediante fratasadora e rodillo, mallazo e xuntas de retracción.
- 45 cm de solo seleccionado

8.1 OUTROS ASPECTOS

8.1.1. Entradas e accesos a propiedades privadas

Executáranse con carácter xeral en formigón en masa reforzado con mallazo coloreado igual a todo o itinerario peonil, dotando así de continuidade a todo o itinerario peonil.

Nos cruces con outras estradas que se corresponden cos seguintes PPQQ:

- P.Q. 3+222
- P.Q. 3+262
- P.Q. 3+390
- P.Q. 3+472

Levarase a cabo a adaptación da rasante dos mesmos para que exista unha continuidade en todo o itinerario, para elo empregárase o seguinte paquete firme:

- 6 cm de mestura bituminosa AC16/surf 50/70 D
- Rega de adherencia
- Rega de penetración
- 20/15 cm de grava

8.1.2. Bordos

Os bordos a dispor no treito de actuación cumprirán coas seguintes características:

- Os bordos serán prefabricados de formigón gris, de resistencia mínima 20 N/mm^2, de sección rectangular de 22 cm de base (inferior) e 12 cm de altura, con chaflán redondeado na súa cara exterior se se sitúa en borde, colocado sobre unha soleira de formigón HM-20 de 10 cm de espesor.
- A cor dos bordos será a do formigón traicional.
  En puntos singulares identificados pola Dirección de Obra, colocarase unha peza especial realizada en formigón máis escura co tradiconal bordo onde se plasmará o seguinte logotivo:

SENDAS de Galicia estrada AC-960 A Susana (N-525)-Lím. Prov.-Vila de Cruces (PO-905)

Logotipo SENDAS DE GALICIA
Tipografía TW Cen Mt Condensed Extra Bold

Este logotipo fixarase pintado, en capa grosa, mediante o emprego dunha pintura plástica en frío de dous compoñentes, como determina o PG-3 para marcas viais. A pintura estará mesturada con micoresferas de vidro reflectivas, que tamén se espolvorearán por riba.

No caso de que o acabado superficial do bordo de formigón sexa moi rugoso ou teña moitas coqueras, poderase aplicar un morteiro de enlucido.

Naqueles casos onde a sección está composta por dous bordos (un adosado á calzado e outro delimitando a zona verde da peonil), o logotipo plasmarase só no bordo peonil (o máis alonxado da calzada).

A sección transversal do bordo que se empregará preferentemente é a seguinte:

Dimensións bordo prefabricado de formigón.



O bordo irá colocado elevado 3 cm sobre a rasante da calzada.

8.1.3. Separador vexetal – Zona verde

Proxéctase un separador vexetal de 90 cm de ancho de xeito que permite dar maior amplitude ao espazo de tránsito ao mesmo tempo que serve para dispoñer baixo o mesmo a drenaxe lonxitudinal (arquetas de recollida de pluviais) .

Esta zona verde estará formada por:

- Base de céspede con mestura de sementes: Ray gras inglés, Festuca rubra, Poa pratensis e Agrostis tenuis, mesturado coa especie de floración estacional Armeria marítima ou semellante, a xuízo do director da obra.
- O espesor mínimo de terra vexetal será de 20cm.

9. DRENAXE

9.1 DRENAXE LONXITUDINAL

Enténdese como drenaxe lonxitudinal o conxunto de elementos que recollen e conducen as augas pluviais caídas sobre a plataforma e as súas marxes ata que poidan ser evacuadas, ben por unha obra de drenaxe transversal ou ben directamente ao terreo natural, de xeito que non cause danos superiores aos permitidas á estrutura do firme.

Proxectáronse baixo o itinerario peonil, colector de PVC Ø 315 mm, a fin de recoller e transportar baixo o mesmo as augas de escorrentía provenientes da calzada e dos terreos adxacentes.

Levarase a acabo a prolongación da ODL existente en torno ao P.Q. 2+700 coas mesmas dimensións.

No Anexo nº10 “Drenaxe” achégase o cálculo detallado da rede.

10. SINALIZACIÓN E SEGURIDADE VIARIA

Para o estudio das marcas viais, sinalización vertical e colocación de elementos de contención de vehículos e balizamento, seguíronse as instrucións que se ditan a continuación:

Sinalización vertical:

- Orde Circular 8.1-I.C. aprobada por Orde FOM/534/2014
- Así mesmo, tívose en conta o catálogo de sinais publicado polo M.O.P.T. en Xuño de 1.992

Sinalización horizontal:

- Orde Circular 8.2 I.C. do 16 de Xullo de 1.987
- Nota informativa sobre prohibicións de adiantamento (15-02-91)

Para a sinalización de obras seguiranse as especificacións da Orde de 31 de Agosto de 1987, publicada no BOE do 18 de setembro de 1987 pola que se publica a Instrución 8.3.I.C. “Sinalización de obras” e do “Manual de exemplos de sinalización de obras fixas” de 1997 do Ministerio de Fomento.

No *Anexo nº13 Sinalización, balizamento e defensas* xustifícanse as tipoloxías empregadas e nos planos correspondentes detállase a sinalización proxectada no treito de estudo.

11. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO

Dada a proximidade e a multitude de accesos a parcelas e vivendas existentes ao longo da traza e ao non contar con claras alternativas ao tráfico optouse preferentemente por simultanear as obras co tráfico rodado.

Para iso deberanse de adoptar as medidas de sinalización e balizamento necesarias para separar o tráfico das zonas de obras mediante os dispositivos específicos en cada caso. Se fixese falta o corte dun dos carrís estableceranse as prioridades de paso entre sentidos mediante o correspondente sistema de semaforización.

No *Anexo nº12. Solucións ao tráfico*, recóllense os dispositivos de sinalización que deberán ser tidos en conta durante a execución das obras, para o que se seguirán as especificacións da Orde de 31 de Agosto de 1.987, publicada no BOE de 18 de Setembro de 1987, polo que se publica a Instrución 8.3.-IC “Señalización de las obras” e do “Manual de ejemplos de señalización de obras fijas” de 1997 do Ministerio de Fomento.

12. OBRAS COMPLEMENTARIAS E OUTRAS

Coma actuacións adicionais, contémplanse a seguintes obras complementarias:

- Instalación para comunicacións: proponse a instalación de 4 tubos de PVC Ø 63 mm reforzados con formigón para redes de telecomunicacións coas correspondentes arquetas de rexistro e conexión seguindo o indicado no Decreto 150/2014, do 27 de novembro.
- Limpeza e remate de obras

13. EXPROPIACIÓNS E SERVIZOS AFECTADOS

Nos Anexos correspondentes figura a valoración dos terreos e bens que é preciso expropiar para a execución das obras, así coma a correspondente ós servizos de electricidade e telefonía afectados.

En ditos anexos inclúense os planos parcelarios que reflicten os terreos afectados polas obras,

O valor total das expropiacións e bens afectados ascende á cantidade de **QUINCE MIL SETECENTOS OITENTA EUROS con SETENTA E DOUS CÉNTIMOS //15.780,72 // -Euros.**

Ascende a reposición dos servizos afectados, á cantidade de **VINTE E CINCO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS //25.250,00//-Euros.**

14. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA

O proxecto non discorre polo interior de ningún Espazo Natural nin espazo definido na Rede Natura 2000.

O proxecto non se atopa comprendido nos supostos do Anexo I da Lei 21/2013, nin no Anexo II, proxectos menores, polo que non se considera necesario a realización dun Estudo de Impacto Ambiental.

15. IMPACTOS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL.

No *Anexo nº14 Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística* recóllese un inventario do patrimonio cultural en base á consulta do PXOM do Concello de Vedra.

16. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS

Para detectar as afeccións aos servizos existentes que se producen polas obras do presente proxecto, solicitouse informacións aos seguintes Organismos e Compañías:

TITULAR O CONCESIONARIO	CLASE DE SERVICIO	SITUACIÓN	TIPO DE AFECCIÓN
Concello de Vedra	Alumeado	Ao longo de toda a actuación	Reposición
VIAQUA	Saneamento e abastecemento	Ao longo de toda a actuación	Reposición
GAS NATURAL FENOSA	Rede de gas	Ao longo de toda a actuación	Reposición
TELEFÓNICA	Telefonía	Ao longo de toda a actuación	Reposición
UNIÓN FENOSA	Rede eléctrica	Ao longo de toda a actuación	Reposición

No *Anexo nº18. Coordinación con outros organismos* recóllese a información recibida así como as autorizacións e/ou permisos necesarios.

17. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE

Como Anexo á Memoria do presente Proxecto, inclúese un Estudo de Seguridade e Saúde no traballo co obxecto de dar cumprimento ó R.D. 1627/1997 do 24 de outubro.

Ascende o importe da partida destinada á Seguridade e Saúde á cantidade de: dous mil setecentos oitenta e oito euros con vinte e tres céntimos (2.788,23 €.-).

18. ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

Achégase coma Anexo á presente Memoria o Estudo de Xestión de Residuos de acordo co R.D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.

Ascende o importe do capítulo destinado á Xestión de Residuos á cantidade de: dous mil catrocentos cincuenta euros con dezaseis céntimos (2450,16 €.-).

19. CONTROL DE CALIDADE

En base as medicións de proxecto e en función do número de ensaios de cada tipo que esixe a normativa vixente, no Anexo 26 realizouse a valoración económica correspondente o control de calidade da obra. En tanto que este non excede o 1% do PEM obrigatorio para o adxudicatario das obras, non se engadiu no presuposto xeral da obra.

20. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

En cumprimento do artigo 1 da Orde do 12 de Xuño de 1.968 (B.O.E. do 25 de xullo) e posterior modificación pola Orde Ministerial do 21 de Maio (B.O.E. do 28 de Maio) realízase a xustificación do importe dos prezos unitarios que figuran nos cadros de prezos.

Dentro dos prezos elementais destínguense:

- Custes directos
- Custes indirectos

Xustifícanse os prezos adoptados, baseándose no custe de materiais, a "pé de obra" e maquinaria existentes no mercado, que proporcionarán as casas subministradoras e publicacións especializadas.

21. PLAN DE OBRA

Como Anexo á presente memoria, inclúese un Plan de Traballo para a execución da obra, con indicación, mediante un esquema de barras e presupostos mensuais dos distintos tallos e do prazo necesario para a execución dos mesmos.

22. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución das obras que se propón é de **(6) SEIS MESES**. Dito prazo comezará a contar a partir do día seguinte da firma da Acta de Comprobación de Replanteo.

23. PRESUPOSTO

Ascendo o Presuposto de Execución Material á cantidade de **DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS con VINTE E CINCO CÉNTIMOS //259.637,25//-EUROS.**

ACENDE O PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN (sen IVE) Á EXPRESADA CANTIDADE DE: T**RESCENTOS OITO MIL NOVECENTOS SESENTA E OITO EUROS con TRINTA E TRES CÉNTIMOS //308.968,33//-EUROS.**

Ascende o IVE (21%) á expresada cantidade de CENTO OITENTA E SEIS MIL OITOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS //186.829,24//-EUROS.

ASCENDE O PRESUPOSTO TOTAL (PBL+IVE) Á EXPRESADA CANTIDADE DE: TRESCENTOS SETENTA E TRES MIL OITOCENTOS CINCUENTA E UN EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS //373.851,68//-EUROS.

24. PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN.

Ascendo o Presuposto de Execución Material á cantidade de **DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS con VINTE E CINCO CÉNTIMOS //259.637,25//-EUROS.**

ACENDE O PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN (sen IVE) Á EXPRESADA CANTIDADE DE: T**RESCENTOS OITO MIL NOVECENTOS SESENTA E OITO EUROS con TRINTA E TRES CÉNTIMOS //308.968,33//-EUROS.**

Ascende o IVE (21%) á expresada cantidade de CENTO OITENTA E SEIS MIL OITOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS //186.829,24//-EUROS.

ASCENDE O PRESUPOSTO TOTAL (PBL+IVE) Á EXPRESADA CANTIDADE DE: TRESCENTOS SETENTA E TRES MIL OITOCENTOS CINCUENTA E UN EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS //373.851,68//-EUROS.

O valor total das expropiacións e bens afectados ascende á cantidade de **QUINCE MIL SETECENTOS OITENTA EUROS con SETENTA E DOUS CÉNTIMOS //15.780,72 // -Euros.**

Ascende a reposición dos servizos afectados, á cantidade de **VINTE E CINCO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS //25.250,00//-Euros.**

ASCENDE O PRESUPOSTO DE EXPROPIACIÓNS E SERVIZOS AFECTADOS Á CANTIDADE DE: **CORENTA E UN MIL TRINTA EUROS con SETENTA E DOUS CÉNTIMOS //41.030,72//-Euros.**

ASCENDE O PRESENTE PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN Á CANTIDADE DE: CATROCENTOS CATORCE MIL OITOCENTOS OITENTA E DOUS EUROS con CORENTA CÉNTIMOS //414.882,40//-EUROS.

25. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

De acordo co establecido no Art. 25 do Regulamento Xeral das Administracións Públicas, o contratista que licita para a adxudicación das obras, deberá ter a clasificación que se establece a continuación, e que se xustifica no Anexo nº19 "Clasificación do Contratista".

1) **Grupo: G**: Viais e pistas

   Subgrupo 6: Sen cualificación específica

   Categoría 2: Cando a anualidade media exceda de 150.000 e inferior ou igual a 360.000 euros.

A clasificación arriba indicada é unicamente a proposta polo proxecto, será definitiva a que indique o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

26. REVISIÓN DE PREZOS

Non procede a revisión de prezos conforme ao RDL 3/2011, de 14 de novembro, texto refundido da lei de contratos do sector público, e consonte á Resolución de 15 de abril de 2014 da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas.

De tódolos xeitos, aínda que o prazo previsto non excede o ano, non implica que a execución se demore, polo que se propón a continuación a fórmula tipo de revisión de prezos para o contrato de execución da presente obra, de entre as aprobadas por Decreto 1359/2011 de 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e os planteamentos-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obra de subministro de fabricación de armamento e equipación das Administracións Públicas.

Formula nº 382.- Urbanización e viais en entornos urbanos:

$$K_t = 0{,}03\frac{B_t}{B_0} + 0{,}12\frac{C_t}{C_0} + 0{,}02\frac{E_t}{E_0} + 0{,}08\frac{F_t}{F_0} + 0{,}09\frac{M_t}{M_0} + 0{,}03\frac{O_t}{O_0} + 0{,}03\frac{P_t}{P_0} + 0{,}01\frac{Q_t}{Q_0} + 0{,}14\frac{R_t}{R_0} + 0{,}12\frac{S_t}{S_0} + 0{,}01\frac{T_t}{T_0} + 0{,}01\frac{U_t}{U_0} + 0{,}32$$

27. PREGO DE CONDICIÓNS

O Prego de Prescricións Técnicas Particulares, que han de rexer na execución das obras, parte da descrición das mesmas, as Normas e Disposicións legais vixentes de Obrigado Cumprimento, en canto non sexan modificadas polo Prego do Proxecto e se concretan os materiais a empregar, o seu emprego e confección das distintas unidades de obra e se fixa o criterio de medición e abono.

28. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía das obras será de **DOCE MESES** contados a partir da data do día seguinte ó da firma da Acta de Recepción.

29. DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PRESENTE PROXECTO

DOCUMENTO Nº 1.- MEMORIA, cos Anexos seguintes:

Anexo nº1 – Antecedentes
Anexo nº2 – Cartografía e topografía
Anexo nº3 – Xeoloxía e xeotecnia
Anexo nº4 – Efectos sísmicos
Anexo nº5 – Climatoloxía e hidroloxía
Anexo nº6 – Planeamento urbanístico
Anexo nº7 – Trazado
Anexo nº8 – Movemento de terras
Anexo nº9 – Firmes e pavimentos
Anexo nº10 – Drenaxe
Anexo nº11 – Estruturas
Anexo nº12 – Solucións ao tráfico
Anexo nº13 – Sinalización, balizamento e defensas
Anexo nº14 – Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística
Anexo nº15 – Obras Complementarias
Anexo nº16 – Xestión de Residuos
Anexo nº17 –Seguridade e saúde
Anexo nº18 – Coordinación con outros organismos
Anexo nº19 – Expropiacións
Anexo nº20 – Servizos afectados
Anexo nº21 – Plan de obra
Anexo nº22 – Clasificación do contratista
Anexo nº23 – Xustificación de prezos
Anexo nº24 – Presuposto para coñecemento da administración
Anexo nº25 – Fórmula de revisión de prezos
Anexo nº26 – Valoración de ensaios

DOCUMENTO Nº 2.- PLANOS

Nº1 – Situación e emprazamento
Nº2 – Estado actual
Nº3 – Planta de conxunto
Nº4 – Planta xeral
Nº5 – Perfís
    Nº5.1 – Transversais
    Nº5.2 – Lonxitudinais
Nº6 – Seccións

Nº6.1 – Seccións tipo

Nº6.2 – Detalles

Nº7 – Planta de replanteo

Nº8 – Estruturas

Nº9 – Drenaxe

Nº9.1 – Planta de drenaxe

Nº9.2 – Perfís lonxitudinais

Nº10 – Sinalización

Nº11 – Obras complementarias

DOCUMENTO Nº.3.- PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES.

DOCUMENTO Nº.4.- PRESUPOSTO, cos Capítulos:

- MEDICIÓNS

Medicións xerais

- CADROS DE PREZOS

Cadro de Prezos Nº 1

Cadro de Prezos Nº 2

- PRESUPOSTOS PARCIAIS
- PRESUPOSTO XERAL

30. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 123 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

A tenor do regulado no art. 123 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo RDL 3/2011, do 4 de novembro, os proxectos deberán comprender polo menos: unha memoria, os planos de conxunto e detalles necesarios, o prego de prescricións técnicas particulares, un presuposto, un programa de desenrolo dos traballos e un estudo (básico) de seguridade e saúde formando así unha obra completa, entendéndose por tales as susceptibles de ser entregadas ó uso xeral ou o servizo correspondente, sen prexuízo das ulteriores ampliacións de que posteriormente poidan ser obxecto e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan a utilización da obra.

31. CUMPRIMIENTO DA LEI 8/1997 DE 29 DE AGOSTO DE "ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Y SU REGLAMENTO DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN" (DECRETO 35/2000, 28 XANEIRO).

Na redacción do presente proxecto deuse cumprimento á Lei 8/1997 de 20 de Agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras, da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 35/2000 de 29 de febreiro, regulamento que desenrola dita lei, téndose en conta as normas e os criterios básicos, destinados a facilitar ás persoas con calquera limitación funcional ou sensorial a accesibilidade e utilización dos bens e servizos da colectividade, así como evitar e suprimir as barreiras e obstáculos que impidan ou dificulten o seu normal desenrolo.

32. OBRA COMPLETA

A tenor do regulado no art. 125 del RD 1098/2001 que aproba o Regulamento Xeral da LCAP, faise mención expresa de que o presente proxecto se refire a obra completa e polo tanto susceptible de ser entregada a uso xeral, sen prexuízo de ulteriores ampliacións de que poida ser obxecto e comprende todos e cada un dos elementos precisos para a utilización da obra.

33. CONCLUSIÓN

Sometese o presente Proxecto á Aprobación da Superioridade ó considerar que cumpre co encargado no seu día, á vez que coas Normas vixentes que resulten de aplicación.

Santiago de Compostela, xuño de 2017.

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos	A Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos
Autor do Proxecto	Directora do Proxecto
Asdo. Pablo Blanco Ferreiro	Asdo. María Jesús Tejada López

.

VºBº

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos

XEFE DE AREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN

Asdo. Carlos Lefler Gullón

ANEXOS Á MEMORIA

ÍNDICE

1. ANTECEDENTES TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS 3
1.1 Antecedentes técnicos 3
1.2 Antecedentes administrativos 4
2. DATOS PREVIOS 4
2.1 Concello de Vedra 4
2.2 Rede viaria 4
2.3 Tráfico e intensidades de peóns e ciclistas 5
3. REPORTAXE FOTOGRÁFICA 6
APÉNDICE I PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS DO CONTRATO 12

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241.
SAN GREGORIO – ROZADELA. P.Q. 2+540 – 3+490

ANEXO Nº1: ANTECEDENTES

1. ANTECEDENTES TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS

Recóllese neste punto unha breve descrición dos antecedentes técnicos e administrativos que preceden a redacción do presente proxecto de construción.

1.1 Antecedentes técnicos

Con data do 7 de maio de 2015 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudica o contrato á consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A..

Os traballos consisten, na redacción dun Estudo de Identificación de Sendas para definir a Estratexia para o Fomento da Mobilidade Sostible na Comarca de Santiago de Compostela e concellos Limítrofes, no que se levou a cabo unha análise da situación actual da área de estudo, no que respecta á mobilidade alternativa da poboación mediante o emprego de medios alternativos aos motorizados,en especial ao uso das sendas peonís e/ou ciclistas existentes, e se propuña a realización de actuacións concretas que permitiran potenciar esa mobilidade dentro da Comarca de Santiago e Concellos Limítrofes á mesma, nos que existe continuidade da rede autonómica de estradas.

En marzo de 2016 a Xunta de Galicia aproba os documentos: “Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia” e a “Estratexia para o fomento da mobilidade sostible na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos limítrofes:Clave AC/14/067.06”, documentos de planificación para o desenvolvemento das estratexias en materia de mobilidade alternativa a nivel local, cofinanciadas por fondos europeos FEDER 2014-2020, que define como un dos seus obxectivos temáticos específicos “Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores” (Obxectivo temático 04) e dentro do cal se encaixan os seguintes conceptos:

- Obxectivo temático: 04 – Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores.

- Prioridade de investimento: 04.05 – Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluído o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación.

- Obxectivo específico:04.05.01 – Fomento da mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas.

- Liña de Actuación: 16 – Medidas de apoio ao desenvolvemento da mobilidade urbana e interurbana sustentable: sendas peonís e ciclistas.

- Actividade: 35 – Desenvolvemento dun plan de mobilidade urbana e interurbana sustentable: Sendas peonís.

Na mencionada "Estratexia para o fomento da mobilidade sostible na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos limítrofes", centrado na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos Limítrofes, relacionáronse os focos de atracción de peóns e/ou ciclistas (incluíndo focos de tipo comercial, sanitario, relixioso, deportivo, lúdico, industrial, residencial, ...) cos seus puntos de xeración correspondentes (fundamentalmente residencias), de xeito que se deduciron as rutas peonís e/ou ciclistas que os une, identificando aquelas xa existentes e finalmente realizouse unha análise comparativa da oportunidade de executar cada un dos treitos de senda

Desta análise xurde a necesidade da construción dun itinerario peonil e ciclista na estrada AC-241, mais concretamente no treito: San Gregorio - Rozadela (P.Q. 2+540 - 3+490), obxecto do presente proxecto.

As condicións e/ou criterios básicos de deseño para a construción de sendas e/ou itinerarios peonís e ciclistas nas estradas de titularidade autonómica son fixadas polos servizos técnicos da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia a través da Orde Circular 4/16 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na estratexia en materia de mobilidade alternativa e Galicia establecidos pola Orde Circular 3/2016, editada con data do 20 de xuño de 2016, e na que se contemplan os criterios básicos de deseño para a construción das devanditas sendas, de xeito que permitan circular en condicións de seguridade a peóns e, no seu caso, ciclistas nos deportivos.

1.2 Antecedentes administrativos

Con data 16 de decembro de 2014 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o expediente de contratación en relación ao procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada para a adxudicación do: Contrato de servizo de planificación de actuación de fomento da mobilidade sostible: Sendas peonís e/ou ciclistas na comarca de Santiago e redacción dos proxectos de construción derivados dela, e clave AC/14/067.06.

Unha vez analizada a documentación administrativa achegada polos licitadores, con data do 7 de maio de 2015 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudica o contrato á consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A..

Finalmente, o 26 de maio de 2015 formalízase o contrato entre as partes (Axencia Galega de Infraestruturas e a consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.), comezando a contar dende o día seguinte o prazo de execución determinado e comprometéndose a empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., á execución do traballo con estrita suxeición ao Prego de Prescricións Técnicas aprobado, ao carecer de Orde de Estudo, e a aceptación do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato.

2. DATOS PREVIOS

As actuacións desenrolaranse nun treito da estrada AC-241, que une os lugares de Rozadela e San Gregorio. O treito de actuación céntrase entre os P.Q. 2+540 ao 3+490, localizado no Concello de Vedra, concretamente na parroquia de San Mamede de Ribadulla

2.1 Concello de Vedra

O Concello de Vedra está situado no corazón do Val do Ulla, no límite xeográfico da provincia de A Coruña, co río Ulla como fronteira natural. Os veciños de Santiago e Boqueixón lindan con el polo Norte, A Estrada faino polo Sur e polo Leste e Teo polo Oeste.

A superficie do concell o é, aproximadamente, duns 52,78 km^2, distribuídos en 12 parroquias: San Xian de Sales, Santo André de Illobre, San Fins de Sales, Santa Eulalia de Vedra, Santo André de Trobe, San Pedro de Sarandón, San Miguel de Sarandón, San Cristovo de Merín, San Pedro de Vilanova, San Mamede de Ribadulla, Santa Cruz de Ribadulla e Santa María Madalena de Ponte Ulla. A capital municipal encóntrase na parroquia de Vedra, na Avda. Mestre Manuel Gómez, cunha poboación total municipal de 5.073 habitantes (INE 2014).



Parroquias do Concello de Vedra

A xeografía de Vedra está indiscutiblemente marcada polo río Ulla, que atravesa boa parte do territorio meridional e oriental, e que recolle, así mesmo, as augas doutros afluíntes, como o Pereiro, o Tomonte, o Buxeiros ou San Cristovo.

O relevo en xeral é suave, e destaca como única altura importante Penas Pardas, nas proximidades do Pico Sacro, que acada os 449 m de altitude. O Clima, en xeral, pode cualificarse de temperado, con influencias oceánicas.

2.2 Rede viaria

Para falar da rede viaria do Concello de Vedra temos que facer unha referencia a súa posición con respecto ao resto da insfraestrutura comarcal.

O sistema viario da Comarca de Santiago descansa basicamente na estrutura de carácter radial que compoñen as estradas nacionais e rexionais de acceso (N-550, treitos Coruña-Santiago e Santiago – Tui; N-547 Santiago-Lugo; N-525, Santiago – Ourense; AC-548, Santiago – A Estrada e AC-543, Santiago Noia), que desembocan nunha vía de circunvalación moi próxima á cidade conformada pola variante da N-550. Acompañan a este sistema a autoestrada AP-9 Coruña-Vigo (actualmente en execución a súa ampliación na contorna de Santiago) e a autoestrada AP-53 Santiago – Ourense.

Os principais eixes viarios que conflúen en Santiago canalizan os accesos ós extensos agregados territoriais próximos: Bertamiráns, Brión e o resto de pequenas agrupacións a través da AC-543 (Santiago-Noia); Milladoiro, As Galanas, Escravitude, Padrón e todo o eixo atlántico sur a través da N-550 (Santiago-Vigo); as terras de Arzúa e Melide e as comunicacións coas meseta a través da N-634 (Santiago-Vilalba) e N-547 (Santiago-Lugo); os municipios de Oroso e Ordes a través da N-550 (A Coruña-Santiago); e os municipios de Teo, ***Vedra*** e Boqueixón, os núcleos de Val do Ulla e as comunicación co interior a través dos eixes viarios AC.548 (Santiago a Estrada) e N-525 (Santiago-Ourense).

Xunto a estes eixes, a Autoestrada AP-9 que no cumpre un papel importantísimo dentro da comarca de circunvalación urbana e mesmo de distribuidor dos distintos eixos viarios de penetración á cidade de Santiago.

Deste xeito, o Concello de Vedra articula as súas relacións co resto da comarca a través da estrada N-525 Santiago-Ourense ou, a través da estrada AC-548 Santiago – A Estrada que serve case unicamente ás relacións das parroquias do oeste muncipal (particularmente Illobre e Trobe) que se ciomunican coa estrada AC-548 a través da AC-241 Ponte Ulla –Pontevea.

Como complemente desta estrutura de carácter radial desenvólvese entre as dúas estradas citadas (N-525 e AC-241) a estrada provincial DP-8203 (Vedra-Ponte de Santa Lucía) que se converte de feito na principal vía de comunicación interna do termo municipal, pola súa función estruturante ó comunicalas principais parroquias occidentais (Sales, Illobre e Vedra).

No tocante ás relacións transversais parroquiais ou intermunicipais (Teo-Vedra-Boqueixón-Touro) canalízanse maioritariamente a través do eixo viario composto polas estradas Pontevea-Ponte Ulla-Ponteledesma (AC-241 e AC-240) así como a través das estradas provinciais DP-8901(A Gaiosa – Ponte de Sarandón; DP-8902 (Sarandón-Lugar do Sol); e DP-1202 (Trobe - Mesón de Mareque por Vedra).

En resumo, no conxunto do sistema viario de Vedra hai que incluír no primeiro nivel a estrada radial da rede do Estado e a autoestrada AP-53:

- N-525: Santiago-Ourense-Madrid
- AP-53: Santiago-Ourense (Treito Santiago-Dozón)

Nun segundo nivel deben considerarse as estrada autonómicas e provinciais que atravesan o municipio:

- AC-240: Burres-Ponte Ulla
- AC-241 Ponte Ulla-Pontevea
- DP-8203: Vedra-Ponte de Santa Lucía (Santiago)
- DP-8901: Gaiosa (N-525)-Ponte de Sarandón
- DP-8902: Ponte de Sarandón-Sol
- DP-1202: Trobe-Mesón de Mareque (N-525)

Contribuíndo a reforzalas relacións interzonais do municipio, complementando os acesos desde a estrada N-525 engádese a estas últimas a estrada municipal de A Gándara-Viñogrande por San Fins de Sales.

O sistema viario municipal complétase coa presencia dun bo número d eestradas e camiños municipais constituído maiormente por unha extensa rede de vías da concentración parcelaria.

Distancias quilométricas por estrada:

- Santiago de Compostela: 16 Km
- Pontevedra: 70 Km
- A Coruña: 86 Km
- Ourense: 92 Km
- Vigo: 97 Km
- Ferrol: 108 Km
- Lugo: 115 Km

Estrada AC-241:

Imaxe: Catálogo Visual de Estrada – Xunta de Galicia

2.3 Tráfico e intensidades de peóns e ciclistas

Consultouse a Memoria de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia do ano 2015, editada pola Xunta de Galicia, na que segundo o Mapa de Aforos de Tráfico para ese mesmo ano, despréndese que a estrada AC-543 ten unha IMD que oscila entre os 10.000 e 15.000 veh/día.



Fonte: Memoria de Estradas 2015 – Xunta de Galicia

Considerase que a intensidade de peóns e ciclistas será elevada, debido a que se trata dun treito que conecta con dous lugares, San Gregorio - Rozadela (Concello de Vedra) onde se concentran diferentes equipamentos tales como o centro social de San Mamede de Ribadulla, a pista deportiva existente preto ao centro social e o campo de fútbol de San Mamede.



3. REPORTAXE FOTOGRÁFICA

Achégase a continuación fotografías do treito de actuación, que comprende dende o P.Q. 2+540 a 3+490 (San Gregorio - Rozadela). Nas fotografías apreciase o espazo dispoñible actualmente centrándonos na marxe esquerda (sentido crecente dos PP.QQ) pola que se propón o trazado da senda peonil.

Foto nº1. Inicio actuación. Intersección coa DP-8902

Foto nº2. P.Q. 550. Senso crecente.

Foto nº3. PQ 2+570.Senso crecente.

Foto nº4. PQ 2+590. Senso crecente.

Foto nº5. PQ 2+590. Senso crecente.



Foto nº6. P.Q. 2+600. Senso crecente.

Foto nº6. P.Q. 2+600. Senso crecente.

Foto nº6. P.Q. 2+630. Senso crecente.

Foto nº13. P.Q. 2+380. Senso decrecente.

Foto nº14. P.Q. 2+420. Senso decrecente.

Foto nº6. P.Q. 2+630. Senso crecente.

Foto nº6. P.Q. 2+630. Senso crecente.

Foto nº15. P.Q. 2+530. Senso decrecente.

Foto nº16. P.Q. 2+570. Senso decrecente.

Foto nº11. P.Q. 2+260. Senso decrecente.

Foto nº12. P.Q. 2+320.Senso decrecente.

Foto nº17. P.Q. 2+650. Senso decrecente.

Foto nº18. P.Q. 2+690 Senso decrecente.

Foto nº19. P.Q. 2+760. Senso decrecente.

Foto nº20. P.Q. 2+840. Senso decrecente.Entrada na glorieta.

Foto nº25. P.Q. 3+180. Senso decrecente.

Foto nº26. P.Q. 3+270. Senso decrecente.

Foto nº21. P.Q. 2+970. Senso decrecente. Saída da glorieta. Paso peonil

Foto nº22. P.Q. 3+000. Senso decrecente.Intersección.

Foto nº27. P.Q. 3+310. Senso decrecente.

Foto nº28. P.Q. 3+390. Senso decrecente

Foto nº23. P.Q. 3+040. Senso decrecente.

Foto nº24. P.Q. 3+100. Senso decrecente

APÉNDICE I PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS DO CONTRATO

DOCUMENTO:

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

TIPO DE CONTRATO:	OBXECTO DO CONTRATO:
SERVIZO	PLANIFICACIÓN E PROXECTOS DE CONSTRUCIÓN

ACTUACIÓN:

FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE: SENDAS PEONÍS E/OU CICLISTAS NA COMARCA DE SANTIAGO

CLAVE:	DATA:
AC/14/067.06	OUTUBRO 2014

1 OBXECTO 5
1.1 OBXECTO DO PREGO 5
1.2 OBXECTO DO CONTRATO 5
2 RELACIÓNS ENTRE A ADMINISTACIÓN E O CONSULTOR 6
2.1 DEFINICIÓNS 6
2.1.1 ADMINISTRACIÓN 6
2.1.2 DIRECTOR DO SERVIZO 6
2.1.3 DIRECCIÓN DO SERVIZO 6
2.1.4 CONSULTOR 6
2.1.5 DELEGADO DO CONSULTOR 6
2.1.6 PERSOAL SUBALTERNO DO CONSULTOR 6
2.2 FUNCIÓNS 7
2.2.1 FUNCIÓNS DA ADMINISTRACIÓN 7
2.2.2 FUNCIÓNS DO DIRECTOR DO SERVIZO 7
2.2.3 FUNCIÓNS DA DIRECCIÓN DO SERVIZO 8
2.2.4 FUNCIÓNS DO CONSULTOR 8
2.2.5 FUNCIÓNS DO DELEGADO DO CONSULTOR 8
2.2.6 FUNCIÓNS DO PERSOAL SUBALTERNO DO CONSULTOR 8
2.3 RESPONSABILIDADES 8
2.3.1 DIRECTOR E DIRECCIÓN DO SERVIZO 8
2.3.2 CONSULTOR, DELEGADO E O RESTO DO SEU PERSOAL 9
3 DESCRICIÓN DOS TRABALLOS 10
3.1 ESTUDO DE IDENTIFICACIÓN DE SENDAS 10
3.2 CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA 11
3.3 XEOTECNIA 12
3.4 PATRIMONIO CULTURAL 13
3.5 REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE CONSTRUCIÓN 13
3.6 EDICIÓN E REPRODUCCIÓN 14
4 DOCUMENTACIÓN 15
4.1 DOCUMENTOS A XERAR COMO PARTE DO CONTRATO 15
4.2 DOCUMENTOS DE SEGUIMENTO DO CONTRATO 15
4.3 PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS 15
4.4 DOCUMENTOS POSTOS Á DISPOSICIÓN DO CONSULTOR 15
5 DOTACIÓN DE MEDIOS 17
5.1 PERSOAL 17
5.2 OFICINA DO CONSULTOR 17
5.3 VEHÍCULOS 17

5.4 SERVIZOS ADICIONAIS 18
6 DISPOSICIÓNS XERAIS 19
6.1 CONDICIONANTES TÉCNICOS 19
6.2 VALORACIÓN, MEDICIÓN E ABONO DOS TRABALLOS 19
6.3 PRAZO DE EXECUCIÓN 20
6.4 INSPECCIÓN DOS TRABALLOS 20
ANEXO Nº 1: PREZOS UNITARIOS 21
ANEXO Nº 2: PRESUPOSTO 25
ANEXO Nº 3: COPIAS 27

1 OBXECTO

1.1 OBXECTO DO PREGO

O obxecto deste Prego de Prescricións Técnicas (no sucesivo, "Prego") é determinar o contido e alcance, así como fixar as condicións técnicas que han de rexer na realización dos traballos incluídos no contrato de servizo de **planificación de actuación de Fomento da Mobilidade Sostible: Sendas Peonís e/ou Ciclistas na Comarca de Santiago e redacción dos proxectos de construción derivados dela (AC/14/067.06)**, tendo en conta o previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

1.2 OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a prestación de servizo de planificación e redacción dos proxectos de construción da actuación á que fai referencia este Prego, en colaboración coa Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

En concreto, os traballos para os que se requira a asistencia técnica, son os seguintes:

- Redacción do Estudo de Identificación de Sendas.
- Cartografía e topografía:
  - Recompilación dos traballos cartográficos e topográficos existentes e realización dos necesarios para a redacción dos proxectos.
- Xeotecnia:
  - Recompilación da información xeotécnica existente e realización dos ensaios e prospeccións necesarios para a redacción dos proxectos.
- Patrimonio cultural:
  - Recompilación da información arqueolóxica existente e realización das prospeccións necesarias para a redacción dos proxectos.
- Redacción dos proxectos de construción:
  - Memoria e Anexos.
  - Planos.
  - Prego de Prescricións Técnicas Particulares.
  - Presuposto.
- Edición e reprodución:
  - Edición e reprodución das copias necesarias dos documentos definitivos, tanto en papel como en formatos dixitais (abertos e de só lectura).

2 RELACIÓNS ENTRE A ADMINISTACIÓN E O CONSULTOR

2.1 DEFINICIÓNS

2.1.1 ADMINISTRACIÓN

No que se refire a este contrato, a Administración exercerá as súas competencias de acordo co previsto na cláusula 5ª do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Estudos e Servizos Técnicos, aprobado por Orde de 8 de marzo de 1972 do Ministerio de Obras Públicas (no sucesivo, PCET), a través da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas e da súa Área de Planificación e Programación.

2.1.2 DIRECTOR DO SERVIZO

Así mesmo, é ós efectos da cláusula 5ª do PCET, a referencia ó Facultativo da Administración Director do Servizo (no sucesivo, e nos termos do PCET, "Director"), entenderase feita ó enxeñeiro de camiños, canais e portos ou enxeñeiro técnico de obras públicas nomeado para tal fin pola Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas.

2.1.3 DIRECCIÓN DO SERVIZO

Por Dirección do Servizo (no sucesivo, e nos termos do PCET, "Dirección"), enténdese ó equipo de colaboradores ás ordes do Director, tal e como están definidos na cláusula 5ª do PCET. O seu nomeamento e cese realizarase do xeito previsto naquel.

2.1.4 CONSULTOR

O licitador que resulte adxudicatario do contrato de servizo, desenvolvendo o preceptuado neste Prego, recibe a denominación, segunda á cláusula 6ª do PCET, de "Consultor" (que será a empregada no sucesivo).

2.1.5 DELEGADO DO CONSULTOR

Enténdese por Delegado do Consultor (no sucesivo, e nos termos do PCET, "Delegado"), á persoa con titulación profesional, entre as de enxeñeiro de camiños, canais e portos e enxeñeiro técnico de obras públicas (tendo en conta, para esta última titulación, que, de acordo coa lexislación vixente sobre atribucións, debe dispoñer da ou das especialidades técnicas necesarias e adecuadas para o exercicio das funcións correspondentes ó obxecto do contrato ó que se refire este Prego), ou ben, no caso de que o licitador sexa unha empresa estranxeira, unha titulación profesional equivalente a aquelas (coas especialidades técnicas necesarias e adecuadas).

O licitador detallará a titulación profesional e a experiencia da persoa que prevé designar, no caso de que resulte adxudicatario do contrato, para o cargo de Delegado do Consultor.

2.1.6 PERSOAL SUBALTERNO DO CONSULTOR

O Consultor nomeará un Autor do Proxecto, ó que se lle esixirán os mesmos requisitos de titulación e experiencia profesional que ó seu Delegado, que será o responsable da realizacións das actividades diarias do servizo.

O persoal que se adscriba á execución do contrato será, en cada fase do traballo, o idóneo para a especialidade requirida.

A relación do persoal adscrito ó contrato e o organigrama correspondente, cando difira da proposta polo Consultor na súa oferta, seralle presentada ó Director na primeira quincena de vixencia do contrato e sempre que sexa preciso introducir algún cambio, a quen lle corresponde a súa aprobación.

Á vista das titulacións e do organigrama de persoal proposto polo Consultor aprobaranse, por parte do Director, as atribucións das diversas persoas asignadas ó contrato por parte do Consultor. Así mesmo, fixaranse as relacións con respecto ó persoal da Administración, ós efectos previstos no PCET.

En calquera momento o Director poderá reclamar do Consultor o relevo do persoal cuxo rendemento estime inadecuado. Nese caso, o Consultor presentará a proposta de persoal de relevo ó Director, ó que lle corresponderá a súa aprobación, no prazo de cinco (5) días laborais dende a recepción da comunicación correspondente.

Todo o persoal que se adscriba á execución do contrato, cando difira do proposto polo Consultor na súa oferta, deberá de contar coa mesma titulación que aquel e con condicións de experiencia análogas.

2.2 FUNCIÓNS

2.2.1 FUNCIÓNS DA ADMINISTRACIÓN

A Administración resérvase as funcións e competencias que lle atribúe o conxunto da lexislación e normativa vixente, que serán exercidas da forma legalmente establecida.

2.2.2 FUNCIÓNS DO DIRECTOR DO SERVIZO

As funcións do Director do servizo con respecto ó Consultor e ó persoal ó seu servizo, son as seguintes:

- Fixalos prazos para a execución dos diversos traballos comprendidos no Contrato que non estean definidos neste Prego, así como as datas para a execución de traballos que deban ser realizados en días determinados e, incluso, as horas de realización cando sexa necesario.

- Establecelos criterios e a metodoloxía para a execución dos traballos, despois de estudadas as propostas que neste sentido faga o Consultor, pero sen ter que aterse necesariamente a elas.

- Definir as prioridades de actuación en cada momento para o persoal integrante do contrato.

- Distribuír os medios, tanto humanos como materiais, necesarios para levar a cabo a correcta prestación do servizo contratado.

- Resolver calquera outra cuestión que sexa consecuencia da súa labor como Director do presente contrato e que, ó seu xuízo, sexa necesaria para o cumprimento dos seus fins.

- Convocar reunións periódicas ou ocasionais, cuxo contido se refira ó desenvolvemento e marcha dos traballos obxecto do contrato, cando así conveña.

2.2.3 FUNCIÓNS DA DIRECCIÓN DO SERVIZO

Os membros da Dirección do servizo participarán das funcións do Director na medida en que foran delegadas por este ó amparo da cláusula 5ª do PCET.

2.2.4 FUNCIÓNS DO CONSULTOR

O consultor terá a función de desenvolver as prescricións do presente contrato. O Consultor deberá ter a iniciativa suficiente en todo momento para que ningunha acción ou trámite que forme parte do obxecto do contrato quede sen realizar. Así mesmo deberá o Consultor facer os estudos e xestións oportunas para presentar inmediatamente ó Director a diagnose e a proposta de solución de cada problema relacionado co desenvolvemento dos traballos, propoñéndolle as medidas que fosen precisas para levar a cabo dita solución.

Durante o desenvolvemento dos traballos que forman parte do contrato, todas as relacións do Consultor coa Administración se farán a través do Director ou das persoas en quen este delegue, de non expresarse noutro sentido o presente Prego.

2.2.5 FUNCIÓNS DO DELEGADO DO CONSULTOR

O Delegado do Consultor, de acordo coa cláusula 6ª do PCET, ostenta a representación do Consultor cando sexa necesaria a súa actuación ou presenza en todos os actos derivados do cumprimento das obrigas contractuais, sempre en orde á execución e boa marcha do servizo; organiza e desenvolve a execución do servizo e interpreta e pon en práctica as ordes recibidas da Dirección do contrato. Así mesmo, proponlle ó Director, ou colabora con el, na resolución dos problemas que xurdan durante a execución dos traballos.

En consecuencia, o Delegado, como máximo responsable do Consultor, desenvolve todas as funcións mencionadas no apartado deste Prego que trata sobre as funcións daquel.

O Delegado deberá estar, salvo autorización expresa do Director, dispoñible ou, cando menos, localizable, en horario laboral, durante o prazo de execución do contrato. En caso contrario, deberá nomear un substituto temporal, por prazo fixado, que deberá ser proposto ó Director do contrato ó que lle corresponde a súa aprobación, cando menos con 7 días de antelación ó inicio da súa ausencia.

2.2.6 FUNCIÓNS DO PERSOAL SUBALTERNO DO CONSULTOR

O persoal subalterno do Consultor, nomeado de acordo coa cláusula 6ª do PCET, participará das competencias daquel, dependendo do seu Delegado, nos termos derivados do organigrama aprobado polo Director do contrato.

2.3 RESPONSABILIDADES

2.3.1 DIRECTOR E DIRECCIÓN DO SERVIZO

O Director do servizo e os membros da Dirección, no marco das súas respectivas funcións, serán responsables das súas decisións e das omisións atribuíbles a eles. Non o serán, nin directa nin solidariamente, das consecuencias das accións ou omisións do Consultor, ou do seu persoal, en materias en que, en exercicio das súas funcións, tivesen actuado directamente. Tampouco serán responsables das consecuencias das accións tomadas en base a informacións subministradas polo Consultor, se estas foran inexactas.

O Director do servizo e os membros da Dirección tampouco serán responsables, nin directa nin solidariamente do que, con plena responsabilidade técnica e legal, decida, controle, proxecte, informe ou calcule o Consultor, que deberá dispoñer para iso do persoal adecuado e coa titulación legal necesaria para a realización completa do traballo obxecto deste contrato.

2.3.2 CONSULTOR, DELEGADO E O RESTO DO SEU PERSOAL

O Consultor responderá, en primeiro lugar, do bo funcionamento e idoneidade das instalacións, equipos e materiais destinados á execución dos traballos.

As responsabilidades derivadas das accións do Consultor serán asumidas por el mesmo, ou polas persoas da súa plantilla (Delegado ou persoal subalterno) en función das atribucións derivadas dos nomeamentos realizados de acordo coa cláusula 6ª do PCET. As penais entenderanse atribuídas ás persoas físicas que ostenten para as diversas cuestións a representación do Consultor que, ademais, será responsable subsidiario das accións do seu persoal relacionada co contrato.

O Consultor será responsable das decisións que tome pola súa iniciativa nas funcións encargadas pola Dirección establecidas neste Prego. E tamén, eventualmente, das que tome, pola súa iniciativa, nas materias en que non lle teñan sido asignadas funcións executivas. Non o será, en cambio, das consecuencias derivadas das accións ou decisións do Director ou da Dirección do contrato alleas á súa organización, salvo que aquelas se tivesen baseado nunha información errónea aportada polo Consultor ou polo seu persoal.

O Consultor será tamén responsable, enteiramente, da exactitude dos traballos, ensaios, comprobacións de medicións, cálculos, planos e prescricións realizados como parte dos traballos e, en xeral, dos resultados que lle proporcione á Administración.

Así mesmo, será responsable do honesto comportamento do seu persoal nas relacións de todo tipo, e moi especialmente coa Administración contratante ou con outras.

Nese sentido, o Consultor adoptará todas as medidas necesarias para que durante a execución dos traballos encomendados quede asegurada a protección a terceiros, sendo da súa total responsabilidade as indemnizacións polos danos e perdas a estes que puideran ocasionarse como consecuencia daqueles, se a tenor das disposicións vixentes incorrese en culpabilidade.

3 DESCRICIÓN DOS TRABALLOS

3.1 ESTUDO DE IDENTIFICACIÓN DE SENDAS

Inicialmente, redactarase un Estudo de Identificación de Sendas no que se analice a situación actual na área de estudo, en relación ás sendas peonís e/ou ciclistas, e se propoña a realización de actuacións concretas para resolvela problemática detectada.

A área de estudio centrarase na comarca de Santiago, formada polos seguintes concellos:

- Ames
- Boqueixón
- Brión
- Santiago de Compostela
- Teo
- Val do Dubra
- Vedra

En todo caso, a área de estudio poderá estenderse, en caso de necesidade, aos concellos limítrofes.

Ademais, o estudo centrarase nos itinerarios peonís e/ou ciclistas necesarios nas marxes das estradas autonómicas da zona, se ben tamén poderá estenderse a estradas doutra titularidade, cando así se xulgue necesario.

O contido do Estudo de Identificación de Sendas será o seguinte:

- Documento nº 1: Memoria e Anexos:
  - Memoria Descritiva.
  - Memoria Xustificativa / Anexos:
    - Introdución e Obxecto do Estudo.
    - Antecedentes Técnicos e Administrativos.
    - Descrición Xeral da Zona.
    - Planeamento Urbanístico.
    - Tráfico.
    - Identificación de Focos de Xeración de Tráfico Alternativo.
    - Identificación de Focos de Atracción de Tráfico Alternativo.
    - Identificación de Itinerarios Potenciais.

    - Identificación de Itinerarios Existentes.
    - Resumen e Conclusións.
- Documento nº 2: Planos
  - Situación.
  - Planta de Conxunto.
  - Plantas Xerais.

O Estudo de Identificación de Sendas centrarase en relacionar os focos de atracción de peóns e/ou ciclistas (incluíndo focos de tipo comercial, sanitario, relixioso, deportivo, lúdico, industrial, residencial,…) cos seus puntos de xeración correspondentes (fundamentalmente residenciais).

A continuación, deducirá as rutas peonís e/ou ciclistas que os deberían de unir e identificará aquelas xa existentes. A estes efectos, terase en conta tanto a dotación de rutas peonís e/ou ciclistas xa existentes como aquelas que teñan sido planificadas por outras administracións. Por diferenza, identificaranse as rutas peonís e/ou ciclistas onde podería ser necesario executar algún tipo de senda.

Finalmente, realizarase unha análise comparativa da oportunidade de executar cada un dos treitos de senda identificados, para xerarquizar a proposta de actuación. Para apoiar o sistema de selección, incluirase unha estimación dos obxectivos a acadar coas actuacións propostas, segundo os indicadores que estableza a administración.

3.2 CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

Tras analiza-la información cartográfica e topográfica dispoñible das fases anteriores de definición da actuación, no seu caso (proxecto de trazado, estudo informativo,...), completarase con todos os traballos necesarios para deseñar con precisión os proxectos.

O resultado final (tendo en conta a información recompilada de fases anteriores da actuación) consistirá na realización dos seguintes traballos:

- Traballos topográficos de campo:
  - Rede de bases de replanteo.
  - Levantamentos taquimétricos a escalas 1/200 ou 1/500
  - Traballos topográficos de campo complementarios.

Todos os traballos anteriores realizaranse segundo as prescricións técnicas que se indican na Nota de Servizo 2/2010, da Subdirección Xeral de Proxectos da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, sobre a Cartografía a incluír nos Proxectos da Dirección Xeral de Estradas.

Os traballos que se consideran incluídos no contrato valóranse no anexo nº 2 deste Prego. O Director dos traballos poderá autorizar a modificación das cantidades previstas de cada un dos traballos previstos no anexo nº 2 e, nese caso, o seu abono realizarase aplicándolle os prezos unitarios recollidos no anexo nº 1 ás medicións dos traballos realmente executados.

3.3 XEOTECNIA

Tras analiza-la información xeolóxica e xeotécnica dispoñible das fases anteriores de definición da actuación, no seu caso (proxecto de trazado, estudo informativo,...), completarase con todos os traballos necesarios para deseñar con precisión o movemento de terras e os alicerces das estruturas dos proxectos.

Segundo a natureza das obras a deseñar e tipo de estudo que se estea a redactar, seleccionaranse os métodos de prospección, ensaios in situ, tomas de mostras e ensaios de laboratorio recomendados, segundo as Recomendacións sobre a Campaña Xeotécnica nos Proxectos da Dirección Xeral de Estradas, aprobadas pola Nota de Servizo 3/2012, da Subdirección Xeral de Estudos e Proxectos da antedita Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, de entre as seguintes:

- Métodos de prospección
  - Cartografía xeolóxica.
  - Calicatas e foxos.
- Ensaios in situ e toma de mostras:
  - Ensaios de penetración:
    - Ensaio de penetración estándar SPT.
  - Toma de mostras.
- Ensaios de laboratorio:
  - Identificación, clasificación e estado.
  - Outros ensaios de laboratorio:
    - Ensaios diversos.

Os traballos realizados deben dar como resultado a redacción dun informe xeotécnico que recolla a seguinte información:

- Estudios xeolóxicos.
- Documentación sobre xacementos de materiais naturais (incluídos os da traza) e os ensaios efectuados sobre mostras obtidas durante o seu recoñecemento.
- Planos de planta e perfil lonxitudinal con indicación dos substratos xeolóxicos interceptados e a localización das prospeccións realizadas.
- Descrición das prospeccións realizadas:
  - Reportaxe fotográfico de todas as prospeccións realizadas.
  - Columnas obtidas en calicatas.
  - Diagramas obtidos nos ensaios de penetración.
- Ensaios de laboratorio sobre as mostras extraídas das prospeccións (identificación de materiais e agresividade ante formigóns, cando menos).

- Informe final sobre a xeotecnia do corredor atravesado polo trazado (resumido nunha táboa para cada desmonte e terraplén de la obra):
  - Cálculo da pendente dos noiros de desmonte y recheo.
  - Excavabilidade dos desmontes e porcentaxes de roca, tránsito e solo.
  - Saneos, condiciones de drenaxe e cimentación dos recheos.
  - Niveis freáticos.
  - Coeficientes de paso.
- Documentación sobre investigacións do subsolo.
- Definición de parámetros xeotécnicos para o deseño de túneles e estruturas.
- Planta e perfil xeotécnico de cada estrutura, con identificación das prospeccións realizadas.

Todos os traballos anteriores realizaranse segundo as indicacións da Guía de Cimentacións en Obras de Estradas da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento.

Os traballos que se consideran incluídos no contrato valóranse na anexo nº 2 deste Prego. O Director dos traballos poderá autorizar a modificación das cantidades previstas de cada un dos traballos previstos no anexo nº 2 e, nese caso, o seu abono realizarase aplicándolle os prezos unitarios recollidos no anexo nº 1 ás medicións dos traballos realmente executados.

No caso de que sexa necesario realizar algún ensaio xeotécnico para o que non veña previsto prezo algún no anexo nº 1 deste Prego, o Director dos traballos poderá autorizar a súa realización e abono, cando para elo se empregue o prezo establecido para ese ensaio de Cadro de Prezos de Referencia da Dirección Xeral de Estradas, aprobado pola Nota de Servizo 4/2012, da Subdirección Xeral de Estudos e Proxectos da antedita Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento.

3.4 PATRIMONIO CULTURAL

Tras analiza-la información dispoñible das fases anteriores de definición da actuación, no seu caso (proxecto de trazado, estudo informativo,...), completarase con todos os traballos necesarios para minimizar a afección da actuación sobre o patrimonio cultural.

Os traballos que se consideran incluídos no contrato valóranse na anexo nº 2 deste Prego. O Director dos traballos poderá autorizar a modificación das cantidades previstas de cada un dos traballos previstos no anexo nº 2 e, nese caso, o seu abono realizarase aplicándolle os prezos unitarios recollidos no anexo nº 1 ás medicións dos traballos realmente executados.

3.5 REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE CONSTRUCIÓN

Para os treitos de sendas identificados como necesarios, redactaranse un ou varios proxectos de construción, a xuízo da Dirección.

Co fin de favorecer a integración paisaxística e ambiental das sendas peonís e/ou ciclistas, na redacción dos proxectos de construción aplicaranse criterios para a súa correcta integración no territorio e, en concreto, as recomendacións que, no seu caso, estableza a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a tal efecto.

Por outra parte, e co fin de homoxeneizar a intervención a realizar sobre o territorio, a tipoloxía das sendas peonís e/ou ciclistas seleccionarase, no seu caso, entre o catalogo que, a tal efecto, determine a Axencia Galega de Infraestruturas.

Os documentos que compoñen os proxectos de construción redactaranse segundo as Recomendacións para a Redacción dos Estudos de Estradas / Proxecto de Construción da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento e segundo as Instrucións para a Redacción de Proxectos IRP-E-04, IRP-D-00, IRP-D-01, IRP-D-02, IRP-D-03, IRP-D-04 e IRP-X-02 da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, que se atopan dispoñibles para a súa descarga na páxina web da antedita consellería.

Cando, pola natureza das obras a proxectar, algún dos documentos que compoñan o proxecto poida ser simplificado, refundido ou incluso suprimido, o Director poderá autorizar tal modificación, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar e executar as obras que comprenda.

3.6 EDICIÓN E REPRODUCCIÓN

Do Estudo de Identificación de Sendas editarase unha copia en papel e outra en soporte informático (aberto e de só lectura) e seranlle entregadas directamente ao Director dos traballos que, no seu caso, requirirá a realización das correccións necesarias.

Unha vez redactados os proxectos de construción, editarase unha copia da maqueta de cada proxecto en papel e outra en soporte informático (aberto e de só lectura), que lle serán entregadas ó Director dos traballos.

O Director dos traballos remitirá a copia en papel ó Servizo de Supervisión de Proxectos, a través do Servizo de Proxectos, para a súa supervisión.

No caso de que o Servizo de Supervisión de Proxectos detecte a necesidade de corrixir calquera aspecto da maqueta dalgún dos proxectos, elaborará un informe de devolución que lle remitirá ó Servizo de Proxectos, para que xestione a edición e remisión dunha nova copia en papel da maqueta do proxecto, corrixida, e dun informe do Director dos traballos no que se expliquen os cambios introducidos e a resposta a todos os aspectos postos de manifesto no informe de devolución do Servizo de Supervisión de Proxectos.

Cando a maqueta dalgún dos proxectos acade o informe favorable do Servizo de Supervisión de Proxectos, o Consultor deberá editar o número de copias definitivas do proxecto que se indican no anexo nº 3 deste Prego, que lle serán entregadas ó Director.

Ademais, no seu caso, entregaranse o número de separatas que se indican no anexo nº 3 deste Prego, cando o proxecto requira a realización de expropiacións ou reposicións de servizos, ou cando estivese sometido a Declaración de Impacto Ambiental, necesidade de informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, organismos de cunca ou outras administracións.

A edición dos documentos realizarase segundo o indicado na Instrución para a Redacción de Proxectos IRP-X-01 da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, que se atopa dispoñible para a súa descarga na páxina web da antedita consellería.

4 DOCUMENTACIÓN

4.1 DOCUMENTOS A XERAR COMO PARTE DO CONTRATO

No desenvolvemento do contrato, e como resultado dos distintos traballos que forman parte del, deberase xerar o o Estudo de Identificación de Sendas e os proxectos de construción que constitúen o seu obxecto, co contido indicado no apartado anterior.

Así mesmo, entregarase unha Ficha Técnica da actuación obxecto do estudo, escrita en galego, en soporte papel (formato UNE tipo A-4), que non excederá de 2 follas, e en formato dixital. Nesta ficha recolleranse os datos básicos para a definición da actuación, segundo o modelo ou modelos que, a tal efecto, estableza a Axencia Galega de Infraestruturas.

4.2 DOCUMENTOS DE SEGUIMENTO DO CONTRATO

Por outra parte, como documentos de seguimento do propio contrato, redactarase periodicamente unha relación de traballos realizados que servirá de base da relación valorada á que se refire a cláusula 33ª do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Estudos e Servizos Técnicos.

4.3 PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

A presentación dos documentos realizarase segundo o indicado na Instrución para a Redacción de Proxectos IRP-X-01 da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, que se atopa dispoñible para a súa descarga na páxina web da antedita consellería.

4.4 DOCUMENTOS POSTOS Á DISPOSICIÓN DO CONSULTOR

A Axencia Galega de Infraestruturas proverá das credenciais que o persoal do Consultor precise para operar e tomar datos ou informes noutros organismos oficiais, para que poidan levar a cabo a súa misión sen impedimentos ou para que, se os hai, consten fidelisimamente.

Os escritos necesarios para a coordinación con algunhas administracións, e servizos públicos ou con terceiros serán elaborados polo Consultor. En todo caso, correspóndelle á Axencia Galega de Infraestruturas a tramitación da xestión oficial cos organismos afectados para obter os datos e informes requiridos.

Ademais, a administración poñerá a disposición do Consultor:

- As memorias de aforos da Rede Autonómica de Estradas de Galicia de anos pasados.
- As memorias de seguridade vial da Rede Autonómica de Estradas de Galicia de anos pasados e os datos brutos de accidentalidade.
- A base de datos do inventario da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.
- Os documentos que conforman o Plan Director de Estradas de Galicia / Plan Move.

- Os estudios e proxectos que serven de antecedente do que é obxecto deste contrato (plans sectoriais, estudios informativos, anteproxectos, proxectos de trazado, outros proxectos de construción,...).

En todo caso, será da exclusiva incumbencia do Consultor a obtención de todos os permisos e licencias de particulares que se requiran para a execución dos traballos encomendados así como o abono de impostos, canons, compensacións e demais indemnización a que de lugar o desenvolvemento dos traballos e, en consecuencia, débense considerar integrados nos prezos unitarios ofertados.

5 DOTACIÓN DE MEDIOS

5.1 PERSOAL

O presente contrato inclúe a posta a disposición do seu cumprimento de todo o persoal e os medios materiais necesarios para a óptima realización no momento máis oportuno dos traballos que se contratan.

O equipo mínimo, que poderá ser incrementado polo adxudicatario como parte da súa oferta, estará composto polo seguinte persoal:

- 1 Autor do Proxecto, con titulación de enxeñeiro de camiños, canais e portos, con experiencia mínima de 2,5 anos en redacción de proxectos de estradas.
- 1 delineante, con experiencia mínima de 2,5 anos na realización de proxectos de infraestruturas lineais
- 1 oficial administrativo, con experiencia mínima de 2,5 anos en ofimática (tratamento de textos, follas de cálculo e bases de datos).

Se por necesidades do servizo fora necesario aumentar o número de horas normais de traballo, os cambios experimentados non serán computables a efectos do abono dos traballos realizados, debéndose integrar calquera cambio na estimación previa que se realice para a oferta presentada.

Os permisos, licencias, vacacións,..., non afectarán en modo algún ó desenvolvemento dos traballos; isto significa que calquera ausencia, por calquera motivo, de calquera titular de calquera das funcións que integran o equipo debe ser cuberta por substitutos equivalentes. Tanto as substitucións programables (vacacións), como as incidentais, deben ser autorizadas pola Dirección que, segundo a duración ou influencia no traballo a realizar, poderá dispoñer outras medidas extraordinarias.

O persoal adscrito polo Consultor á prestación obxecto do contrato non terá ningunha relación laboral coa administración, baixo ningún concepto.

5.2 OFICINA DO CONSULTOR

Durante a realización dos traballos, o Consultor deberá dispor dunha Oficina específica para este traballo, situada no territorio da comunidade autónoma de Galicia, onde desenvolverá os seus traballos o persoal adscrito ó contrato.

A Oficina do Consultor consistirá nun local coa distribución, calidade e características adecuadas para o correcto cumprimento do presente contrato. A Oficina deberá poñerse en réxime normal de funcionamento nun prazo nun superior a un mes dende a firma do contrato.

O Consultor dotará á Oficina de todos os medios técnicos necesarios para a correcta execución do contrato.

5.3 VEHÍCULOS

Cando así o requira a execución dos traballos que forman parte do contrato, o Consultor porá a disposición do seu persoal os vehículos necesarios para realizar os desprazamentos necesarios.

O Consultor ten a obriga de dotar ó seu persoal de perfecta mobilidade en todo momento, á base de pór á súa disposición os medios que sexan necesarios, sen que se lle poida atribuír á falta de vehículos a non presenza do persoal no momento adecuado nos lugares onde se requira a súa presenza.

5.4 SERVIZOS ADICIONAIS

Responden a este concepto os servizos necesarios de asesoría técnica e de gabinete para organizar e elaborar, en colaboración coa Dirección, o Delegado, o Autor do Proxecto e o resto de persoal adscrito ó contrato, os traballos, estudos e documentos que forman parte do obxecto do contrato.

Para levar a cabo estes servizos, o Consultor deberá contar nas súas propias oficinas co persoal técnico especializado e cos medios necesarios para a correcta e satisfactoria realización de todos eses traballos.

O custe de todos os traballos de produción (mecanografía, topografía, delineación, reprodución, ordenación e similares), tanto nos documentos redactados polo consultor, como nos preparados directamente pola Administración, serán a cargo do Consultor.

6 DISPOSICIÓNS XERAIS

6.1 CONDICIONANTES TÉCNICOS

Na realización do traballo, o Consultor terá en conta todas as disposicións que con carácter de instrución, norma ou recomendación foran ditadas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estradas, así como a normativa básica que nesa materia teña ditado a Administración Xeral do Estado.

6.2 VALORACIÓN, MEDICIÓN E ABONO DOS TRABALLOS

A valoración dos traballos efectuarase periodicamente, segundo o sistema de prezos unitarios, de entre os establecidos na cláusula 32ª do PCET. Os prezos unitarios de execución material que rexen o contrato son os que os que aparecen anexo nº 1 do presente Prego, no que ademais se recolle a medición estimada e o presuposto correspondente do contrato de servizo.

Nestes prezos considéranse incluídos cantos custes directos se deriven da realización das prestacións obxecto do contrato e, en xeral, todas as actividades e relacións entre as partes contempladas neste Prego.

No seu caso, as partidas alzadas de abono íntegro serán abonadas na súa totalidade tan pronto como a Administración considere que se teñen efectuado os traballos correspondentes con arranxo ás condicións requiridas, sen que poidan efectuarse abonos parciais a conta. O abono das partidas alzadas a xustificar farase de acordo cos prezos unitarios e segundo o resultado da medición correspondente.

Ós prezos de execución material aplicaránselle, en primeiro lugar, as porcentaxes establecidas no anexo nº 2 deste prego en concepto de gastos xerais e beneficio industrial. Sobre esa cantidade aplicarase o coeficiente de adxudicación ofertado polo Consultor, como resultado do proceso de licitación. Por último, á cantidade resultante aplicáraselle o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor Engadido que lle corresponda segundo a data de emisión da factura á que se refiren os traballos.

A medición estimada e o presuposto correspondente do contrato detállanse no anexo nº 2 do presente Prego. Como alí se indica, o Presuposto Base de Licitación do presente contrato ascende á cantidade de **OITENTA E CINCO MIL SETENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (85.077,59 €)**.

En caso de que o Consultor así o solicite, poderáselle anticipar o abono do 20% do importe correspondente estritamente á redacción dos documentos que constitúen o obxecto do contrato (é dicir, sen ter en conta a valoración dos traballos de cartografía e topografía, xeotecnia, patrimonio cultural e edición e reprodución) trala presentación do programa de traballos e o organigrama do persoal adscrito ó contrato.

Ese anticipo poderase descontar en calquera abono posterior e, en calquera caso, á entrega final do proxecto.

No caso de que se resolvese o contrato sen que se tivesen completado os traballos de redacción do proxecto e sen que se tivese descontado a antedito anticipo, o seu desconto aplicaríase como parte da liquidación do contrato, na que só serían obxecto de valoración e abono os traballos efectivamente realizados.

6.3 PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do contrato será de **doce (12) meses**, tal e como se indica no cadro de características do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato.

6.4 INSPECCIÓN DOS TRABALLOS

A Administración, os seus representantes, os membros da Dirección do servizo, e os delegados por estes, terán en todo momento libre acceso ás oficinas e instalacións do Consultor, para a inspección e dirección da marcha dos traballos ou para recoller datos para o cumprimento ou seguimento do contrato.

Todos os equipos, aplicacións, materiais empregados deberán ser contrastados polos servizos competentes, e deberán cambiarse se non se atopan en perfectas condicións.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2014

O enxeñeiro de camiños, canais e portos,
Autor do Prego

Carlos Lefler Gullón

Visto e prace,
O xefe da Área de Planificación e Programación

Héctor Presas Veiga

Aprobado,
O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

Anexo nº2 – Cartografía e topografía

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN 3
2. TRABALLO DE CAMPO 3
2.1 Instrumentación dispoñible 3
2.2 Redes de levantamento topográfico 4
3. TRABALLO DE GABINETE 4
3.1 Debuxo do plano 4

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241.
SAN GREGORIO – ROZADELA. P.Q. 2+540 – 3+490

ANEXO Nº2: CARTOGRAFÍA, TOPOGRAFÍA E REPLANTEO

1. INTRODUCCIÓN

O levantamento de detalle da zona de obras foi realizado por Estudio Técnico Gallego, S.A. Para este fin, procedeuse á colocación dunhas bases e a toma de puntos de campo necesarios para definir a zona de actuación con estación total e GPS.

O procedemento seguido detallase nos puntos seguintes.

Ademais, apoiámonos na cartografía facilitada pola Xunta de Galicia.

Neste anexo sintetízanse os procedementos utilizados para a obtención da rede de bases e máis obtención da topografía da zona a representar, sobre a cal proxectarase o itinerario peonil e ciclista previsto na estrada AC-241 entre o P.Q. 2+540 a 3+490.

2. TRABALLO DE CAMPO

2.1 Instrumentación dispoñible

A instrumentación topográfica disponibel esta composta por un receptor GPS e unha estación total cuxas características sinálanse de seguido.

ESTACIÓN TOTAL:

MODELO: SOKKIA SET530R

- A=30x
- S= 40”
- a=10 sg

Erro relativo medida de distancias = 3mm+2ppm

GPS:

- MODELO: STONEX S9
- Erro relativo en posicionamento estático relativo
- Horizontal: 3mm+1ppm
- Vertical: 5mm+1ppm
- Erro relativo en estático en tempo real (RTK)
- Horizontal: 1cm+1ppm
- Vertical: 2cm+1ppm

Do mesmo xeito, coma elementos auxiliares utilizáronse os seguintes:

- Trípodes de madeira.
- Trípodes de pinzas
- Elementos de sinalización e marcado
- Cinta métrica, flexómetros
- Xalóns, prismas.

2.2 Redes de levantamento topográfico

Debido as características da zona foi posible resolver todo o levantamento mediante técnicas GPS. Para elo fíxose un levantamento en tempo real (RTK). Mediante este método levantáronse tódolos detalles da zona a cartografar.

3. TRABALLO DE GABINETE

3.1 Debuxo do plano

Representáronse tódolos detalles planimétricos do levantamento. Para a altimetría construíuse o correspondente modelo dixital do terreo coas súas correspondentes liñas de rotura e restricións necesarias. Despois realízase o curvado cunha equidistancia de 0,5 metros con curvas mestras cada 2 metros.

LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO



Peche | Construcción | Beirarrúa | Barreira seguridade | Obra drenaxe

N
HUSO 29
ETRS 89

Tamaño impresión: ISO full bleed A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas: COLOR grosor por capa.ctb

Autor: Alejandro Millán M.
Trazado: ALEJANDRO

Ruta: H:\ALEJO\2017\Senda\Itinerario peonil e ciclista na AC-241. Treito Conexión San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490
Nombre: A02-Topografico

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"
FEDER
Fondo Europeo de Desarrollo Regional

galicia o bo camiño

axi agencia galega de infraestruturas

CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.A. E AUTOR DO PROXECTO: Asdo. Pablo Bescós Ferreiro

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.a P. DIRECTORA DO PROXECTO: Asdo. Mª Jesús Tejada López

Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN: Asdo. Carlos Lefler Gullón

ESCALA: DIN A1: 1 / 250 DIN A3: 1 / 500
0 2.5 5 7.5 10m

TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241. Treito: San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490**

CLAVE: AC/16/197.06

Nº DE PLANO: Anexo 2
FOLLA 1 DE 6

DESIGNACION DO PLANO: TOPOGRAFÍA

DATA: XUÑO 2017
Nº DE PAXINA:



Peche | Construcción | Beirarrúa | Barreira seguridade | Obra drenaxe

N
HUSO 29
ETRS 89

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

FEDER
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

galicia o bo camiño

axi agencia galega de infraestruturas

CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.e P. AUTOR DO PROXECTO
Asdo. Pablo Blanco Ferreiro

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO
Asdo. Mª Jesús Tejada López

Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN
Asdo. Carlos Lefler Guillón

ESCALA: DIN A1: 1 / 250 DIN A3: 1 / 500
0 2.5 5 7.5 10m

TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241. Treito: San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490**

CLAVE: AC/16/197.06

Nº DE PLANO: Anexo 2
FOLLA 2 DE 6

DESIGNACION DO PLANO: TOPOGRAFÍA

DATA: XUÑO 2017

Nº DE PAXINA:

Autor: Alejandro Millán M. ALEJANDRO
Trazado
Ruta H:\ALEJO\2017\Sendas Itinerario peonil e ciclista na AC-241. Treito Conexión San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490
Nombre A02-Topográfico
Tamaño impresión ISO full bleed A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas COLOR grosor ponspoa.ctb



Peche | Construcción | Beirarrúa | Barreira seguridade | Obra drenaxe

N

HUSO 29
ETRS 89

XUNTA DE GALICIA CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA	FEDER Fondo Europeo de Desarrollo Regional UNIÓN EUROPEA "Una manera de hacer Europa"	galicia o do camiño	axi axencia galega de infraestruturas	CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C. e P. AUTOR DO PROXECTO Asdo. Pablo Bastón Ferreiro	A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO Asdo. Mª Jesús Tejada López	Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN Asdo. Carlos Lefler Guillón	ESCALA: DIN A1: 1 / 250 DIN A3: 1 / 500 0 2,5 5 7,5 10m	TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241. Treito: San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490**	CLAVE: AC/16/197.06	Nº DE PLANO: Anexo 2 FOLLA 3 DE 6	DESIGNACION DO PLANO: TOPOGRAFÍA	DATA: XUÑO 2017 Nº DE PAXINA:

Autor: Alejandro Millán M.
Trazado: ALEJANDRO
Tamaño impresión: ISO full bleed A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas: COLOR grosor por capa.ctb
Ruta: H:\ALEJO\2017\Sendas\Itinerario peonil e ciclista na AC-241. Treito Conexión San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490
Nombre: A02-Topográfico



Peche | Construcción | Beirarrúa | Barreira seguridade | Obra drenaxe

N

HUSO 29
ETRS 89

Autor: Alejandro Millán M.
Trazado: ALEJANDRO

Tamaño impresión: ISO full bleed A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas: COLOR grosor por capa.ctb

Ruta: H:\ALEJO\2017\Sendas\Itinerario peonil e ciclista na AC-241. Treito Conexión San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490
Nombre: A02-Topográfico

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

FEDER
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

galicia o do camiño

axi avanza gallega de infraestruturas

CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C. R. AUTOR DO PROXECTO
Asdo. Pablo Bastón Ferreiro

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.a P. DIRECTORA DO PROXECTO
Asdo. Mª Jesús Tejada López

Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN
Asdo. Carlos Lefler Guillón

ESCALA:
DIN A1: 1 / 250
DIN A3: 1 / 500
0 2,5 5 7,5 10m

TITULO:
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241. Treito: San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490

CLAVE: AC/16/197.06

Nº DE PLANO: Anexo 2
FOLLA 4 DE 6

DESIGNACION DO PLANO: TOPOGRAFÍA

DATA: XUÑO 2017
Nº DE PAXINA:



Peche | Construcción | Beirarrúa | Barreira seguridade | Obra drenaxe

N
HUSO 29
ETRS 89

Tamaño impresión: ISO full bleed A3 (420,00 x 297,00 mm)
Tabla de plumas: COLOR grosor ponzipa.ctb

Autor: Alejandro Millán M.
Trazado: ALEJANDRO

Ruta: H:\ALEJO\2017\Sendas\Itinerario peonil e ciclista na AC-241. Treito Conexión San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490
Nombre: A02-Topográfico

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

FEDER Fondo Europeo de Desarrollo Regional
UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

galicia o bo camiño

axi agencia galega de infraestruturas

CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.e P. AUTOR DO PROXECTO: Asdo. Pablo Blanco Ferreiro

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO: Asdo. Mª Jesús Tejada López

Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN: Asdo. Carlos Lefler Gullón

ESCALA: DIN A1: 1 / 250 · DIN A3: 1 / 500 (0 2,5 5 7,5 10m)

TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241. Treito: San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490**

CLAVE: AC/16/197.06

Nº DE PLANO: Anexo 2
FOLLA 5 DE 6

DESIGNACION DO PLANO: TOPOGRAFÍA

DATA: XUÑO 2017

Nº DE PAXINA:



x	01 04 09	Residuos de area e arxila	105,84	70,56
				94,08
	2. Formigón			
x	17 01 01	Formigón	111,68	74,46
	3. Ladrillos, azulexos e outros cerámicos			
x	17 01 02	Ladrillos	0,00	0,00
x	17 01 03	Tellas e materiais cerámicos	0,00	0,00
x	17 01 07	Mesturas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos distintos dos especificadas no código 17 01 06.	0,00	0,00
	4. Piedra			
x	17 09 04	RDC mesturados distintos os dos códigos 17 09 01, 02 y 03	11,98	7,99
	Residuos de Naturaleza Pétrea no caracterizados		0,00	0,00

	RCD: Potencialmente perigosos e outros		Cantidade (t)	Cantidade (m³)
	1. Basuras			
x	20 02 01	Residuos biodegradables	5,01	5,57
x	20 03 01	Mestura de residuos municipales	15,30	22,32
				27,89
	2. Potencialmente perigosos e outros			
x	07 07 01*	Sobrantes de desencofrantes	0,64	1,29
x	08 01 11*	Sobrantes de pintura ou vernices	1,72	3,44
x	13 02 05*	Aceites usados (minerais non clorados de motor,…)	0,17	0,34
x	13 07 03*	Hidrocarburos con auga	0,43	0,86
	14 06 03*	Sobrantes de disolventes no haloxenados	0,00	0,00
x	15 01 10*	Envases vacíos de metal ou plastico contaminado	2,79	5,58
x	15 01 11*	Aerosois vacios	0,43	0,86
x	15 02 02	Absorventes contaminados (trapos,…)	0,09	0,17
x	16 01 07*	Filtros de aceite	0,09	0,17
x	16 06 01*	Baterías de plomo	0,09	0,17
	16 06 03*	Pilas con mercurio (botón)	0,00	0,00
x	16 06 04	Pilas alcalinas e salinas (excepto 16 06 03)	0,09	0,17
	17 01 06*	Mestura de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos con sustancias perigosas (SP's)	0,00	0,00
	17 02 04*	Madeira, vidro ou plastico con sustancias perigosas ou contaminadas por elas	0,00	0,00
	17 03 01*	Mesturas betuminosas que conteñen alquitran de hulla	0,00	0,00
	17 03 03*	Alquitrán de hulla e productos alquitranados	0,00	0,00
	17 04 09*	Residuos metálicos contaminados con sustancias perigosas	0,00	0,00
x	17 04 10*	Cables que conteñen hidrocarburos, alquitran de hulla e outras SP's	1,72	3,44
	17 05 03*	Terras e pedras que contieñen SP's	0,00	0,00
	17 05 05*	Lodos de drenaxe que conteñen sustancias perigosas	0,00	0,00
	17 05 07*	Balastro de vías férreas que conteñen sustancias perigosas	0,00	0,00
x	17 06 01*	Materiais de aislamento que conteñen Amianto	0,09	0,17
	17 06 03*	Otros materiais de aislamento que conteñen sustancias perigosas	0,00	0,00
x	17 06 04	Materiais de aislamentos distintos dos 17 06 01 e 03	0,09	0,17
	17 06 05	Materiais de construción que conteñen Amianto	0,00	0,00
	17 08 01*	Materiais de construción a partir deiyeso contaminados con SP's	0,00	0,00
	17 09 01*	Residuos de construción e demolición que conteñen mercurio	0,00	0,00
	17 09 02*	Residuos de construción e demolición que conteñen PCB's	0,00	0,00
	17 09 03*	Outros residuos de construción e demolición que conteñen SP's	0,00	0,00
x	17 09 04	RCD mesturados distintos códigos 17 09 01, 02 y 03	0,17	0,34
	20 01 21*	Tubos fluorescentes	0,00	0,00
	Potencialmente perigosos e outros non caracterizados		0,00	0,00

3.2 Medidas de prevención de residuos en obra

Estimación de residuos en OBRA NOVA				
Superficie construida total	2.983	m²		
Volume de residuos (S x 0,08)	239	m³		
Densidade tipo (entre 1,5 e 0,5 t/m³)	1,20	t/m³		
Toneladas de residuos	286	t		
Estimación de volume de terras procedentes da escavación	367	m³		

	º/1	t	d	V
Evaluación teórica do peso por tipoloxía de RCD	º/1 en peso	Toneladas de cada tipo de RCD	Densidade tipo (entre 1,5 e 0,5)	m³ volume de residuos
RCD: Terras e pétreos da escavación				
Terras e pétreos procedentes da escavación	estimase directamente dende os datos de proxecto	550,50	1,50	367,00

	º/1	t	d	V
Evaluación teórica do peso por tipoloxía de RCD	º/1 en peso	Toneladas de cada tipo de RCD	Densidade tipo (entre 1,5 e 0,5)	m³ volume de residuos
RCD: Natureza non pétrea				
1. Asfalto	0,000	0,00	1,30	0,00
2. Madeira	0,030	8,59	0,60	14,32
3. Metais	0,010	2,86	1,50	1,91
4. Papel	0,030	8,59	0,90	9,55
5. Plástico	0,030	8,59	0,90	9,55
6. Vidro	0,000	0,00	1,50	0,00
7. Ieso	0,000	0,00	1,20	0,00
TOTAL estimación	**0,100**	**28,64**		**35,33**

	º/1	t	d	V
Evaluación teórica do peso por tipoloxía de RCD	º/1 en peso	Toneladas de cada tipo de RCD	Densidade tipo (entre 1,5 e 0,5)	m³ volume de residuos
RCD: Natureza pétrea			1,50	
1. Area Grava e outros áridos	0,430	123,14	1,50	82,09
2. Formigón	0,390	111,68	1,50	74,46
3. Ladrillos , azulexos e outros cerámicos	0,000	0,00	1,50	0,00
4. Pedra	0,000	0,00	1,50	0,00
TOTAL estimación	**0,820**	**234,82**		**156,55**

	º/1	t	d	V
Evaluación teórica do peso por tipoloxía de RCD	º/1 en peso	Toneladas de cada tipo de RCD	Densidade tipo (entre 1,5 e 0,5)	m³ volume de residuos
RCD: Potencialmente perigosos e outros				
1. Lixos	0,050	14,32	0,90	15,91
2. Potencialmente perigosos e outros	0,030	8,59	0,50	17,18
TOTAL estimación	**0,080**	**22,91**		**33,09**

Estimación de residuos en DEMOLICIÓNS			
Superficie de demolición	399,49	m²	os materiais procedentes das demolicións están incluidos nos seus capítulos correspondentes do presuposto xeral
Superficie demolida total	399,49	m²	
Volume de residuos (S x 0,25)	99,87	m³	
Densidade tipo (1,5 t/m³)	1,20	t/m³	
Toneladas de residuos	119,85	t	

	º/1	t	d	V
Evaluación teórica do peso por tipoloxía de RCD	º/1 en peso	Toneladas de cada tipo de RCD	Densidade tipo (entre 1,5 e 0,5)	m³ volume de residuos
RCD: Naturaleza no pétrea				
1. Mesturas bituminosas	0,7000	83,89	1,30	64,53
2. Madeira	0,0000	0,00	0,60	0,00
3. Metais	0,0000	0,00	1,50	0,00
4. Plástico	0,0000	0,00	0,90	0,00
5. Vidro	0,0000	0,00	1,50	0,00
TOTAL estimación	**0,7000**	83,89		**64,53**

	º/1	t	d	V
Evaluación teórica do peso por tipoloxía de RCD	º/1 en peso	Toneladas de cada tipo de RCD	Densidade tipo (entre 1,5 e 0,5)	m³ volume de residuos
RCD: Naturaleza pétrea			1,5	
1. Area Grava e outros áridos	0,1500	17,98	1,50	11,98
2. Formigón	0,0000	0,00	1,50	0,00
3. Ladrillos , azulexos e outros cerámicos	0,0000	0,00	1,50	0,00
4. Pedra	0,1000	11,98	1,50	7,99
TOTAL estimación	**0,2500**	29,96		**19,97**

	º/1	t	d	V
Evaluación teórica do peso por tipoloxía de RCD	º/1 en peso	Toneladas de cada tipo de RCD	Densidade tipo (entre 1,5 e 0,5)	m³ volume de residuos
RCD: Potencialmente perigosos e outros				
1. Potencialmente perigosos e otros	0,0500	5,99	0,50	11,98
TOTAL estimación	**0,0500**	5,99		**11,98**

O punto 2º do apartado a) do artigo 4 do R.D. 105/2008, refírese ás medidas de prevención da obra e especifica que no estudo de xestión de RCD deberán figurar:"As medidas para a prevención de residuos na obra obxecto do proxecto".

O sector da construción ten unha serie de singularidades que dificultan tanto as propias medidas de prevención dos RCD´s como a súa eficacia.

En primeiro lugar, a actividade construtora desenvólvese en obras singulares e irrepetibles en si mesmas; cada obra responde a un deseño elaborado no que se especifican as cantidades e características dos materiais e produtos a utilizar. Mesmo no caso en que aparentemente as unidades de obra (características de materiais e produtos) poidan ser similares, a miúdo os materiais e produtos a utilizar levan aditivos, cargas ou son sometidos a tratamento en obra que os converten realmente en distintos a efectos ambientais.

Outra característica do sector da construción é que os materiais e produtos que utiliza na súa actividade adoitan ter un ciclo de vida longo ou moi longo (en ocasións supera os cincuenta anos). Por iso, á dificultade inherente de avaliar unha medida de prevención (dado que se trata de medir ?o que non existe?, é dicir o residuo cuxa xeración se evita), únese que cando se trata dun RCD a materialización do resultado dunha medida de prevención terá lugar moito tempo despois da súa aplicación, polo que a valoración do seu interese no momento actual baséase a miúdo en estimacións moi afastadas temporalmente do momento de comprobación.

O concepto de prevención refírese a todas aquelas medidas que consigan reducir a cantidade de RCD que sen a súa aplicación produciríanse, ou ben que consigan reducir a cantidade de sustancias perigosas contidas nos RCD que se xeren. Tamén entran no concepto de prevención todas aquelas medidas que melloren o reciclado dos produtos que, co tempo, converteranse en residuos. En resumo, considéranse incluídas dentro da prevención as accións de segregación, reutilización e revalorización de residuos, nesta orde seguindo o

principio de xerarquía de xestión de residuos, tratadas por separado nos seguintes apartados do presente informe.

Con todo, a prevención baséase nunha serie de principios que poden avaliarse a través das medidas adoptadas en relación aos RCD de contratistas e proxectistas, e construtores.

Nas táboas que se mostran a continuación márcanse as casas segundo o que aplica a esta obra:

PREVENCIÓN

CONTRATISTA/PROXECTISTA	
x	Desenrolo de ferramentas para a cuantificación e caracterización de RCD en proxectos de obra e en obra.
x	Desenrolo de ferramentas de información eficaces de RCD reutilizables.
	Desenrolo de tecnoloxías específicas para clasificación de RCD en obra.
x	Orientar sobre a forma de xestión máis adecuada de todos os tipos de residuos que se xerarán en obra.
x	Adopción de plans de prevención no ámbito da obra.

CONSTRUTOR	
x	Incorporación ás ferramentas de planificación de obras os aspectos de RCD.
x	Aplicar ferramentas para unha xestión correcta de compras e almacéns.
x	Implantación de sistemas de xestión certificados (según EMAS, norma ISO 14001 ou similares).
x	Adopción de boas prácticas de xestión.

** Proponse que a empresa adxudicataria leve a cabo as medidas de prevención sinaladas.*

** As boas prácticas inclúen: separar as fraccións e os elementos tóxicos e perigosos do fluxo xeral dos residuos (en colectores específicos); evitar a mestura dos diferentes tipos de residuos se estes xéranse de forma separada (como ocorre nas fases de desmonte e de construción parcial de certos elementos); separar os elementos e materiais máis voluminosos (madeiras, vigas, cerramentos...) da provisión de residuos xerados na obra (durante a carga ao transporte).*

3.3 Operacións de reutilización, valorización ou eliminación

O terceiro punto do apartado a) recolle que han de incluírse no estudo de xestión de RCD: ?As operacións de reutilización, valorización ou eliminación a que se destinarán os residuos que se xerarán na obra?.

Dar valor aos elementos e materiais dos residuos da construción é aproveitar as materias, subproductos e substancias que conteñen.

A valorización consiste en REUTILIZAR os residuos para usalos novamente sen transformalos, RECICLAR os residuos para transformar o material, e usalos como novo produto, ben iguais, similares ou distintos á materia prima ou conseguir un APROVEITAMENTO ENERXÉTICO dos mesmos.

Enténdese que os RCD´s cos que non leve a cabo ningunha das operacións anteriores, entregaranse a un xestor autorizado ou se transportarán a vertedoiro para a súa eliminación.

- Reutilización/Reciclado

O Plan Nacional Integrado de Residuos (PNIR) 2007-2015 recolle no seu Anexo 6, denominado II Plan Nacional de Residuos de Construción e Demolición (II PNRCD), unhas táboas cos principais residuos de código LER número 17 (Residuos da Construción e Demolición) indicando se son valorizables ou non, os produtos que poden obterse a partir deles e o destino dos materiais obtidos. No mesmo sentido, no Programa de Xestión de RCD de Galicia (2005-2007), preséntanse unhas fichas nas que se describen os distintos materiais reciclables, as súas posibles aplicacións, así como as pautas para o seu uso adecuado. Cada unha das posibles aplicacións ten unha ficha técnica que pode consultarse no SIRGa (Sistema de Información de Residuos de Galicia).

No Apéndice 2: Reutilización/Reciclado de residuos de natureza pétrea, inclúense unhas táboas nas que se sintetiza a información exposta en cada un dos programas anteriores. A continuación móstrase un cadro no que se marcan as casas das operacións previstas de reutilización de materiais na obra:

REUTILIZACIÓN/RECICLAXE

	OPERACIÓN PREVISTA	DESTINO INICIAL	PESO (t)	VOLUME (m^3)
	Non hai previsión de reutilización/reciclaxe na mesma obra ou en emprazamentos externos, simplemente serán transportados a vertedoiro autorizado	-	-	-
x	Reutilización de terras procedentes da excavación	Propia obra	0	0
	Reutilización/Reciclaxe de residuos minerais ou pétreos en áridas reciclaxes ou en urbanización		0	
	Recuperación ou rexeneración de disolventes		0	
	Recuperación de metais ou compostos metálicos		0	
	Reutilización/Reciclaxe de asfalto		0	
	Reutilización/Reciclaxe de madeira		0	
x	Reutilización/Reciclaxe de papel e/ou plástico	Externo	0	
x	Reutilización/Reciclaxe de vidrio	Externo	0	
	Reutilización/Reciclaxe de xeso		0	
	Outros non perigosos (indicar)			
	Outros potencialmente perigosos (indicar)			

- Valorización enerxética

En principio, os únicos RCD´s que, no caso de non ser viable a súa reutilización ou reciclaxe, serían susceptibles de valorización enerxética, son os residuos consistentes en madeira, plástico e papel ou cartón.

Debe priorizarse sempre a valorización enerxética sobre a eliminación en vertedoiro, con todo, dada a envergadura da obra obxecto de estudo, non se considera viable a operación de valorización.

A continuación, inclúese unha táboa na que se recollen as operacións previstas relacionadas coa valorización dos RCD e o destino previsto inicialmente para os materiais (propia obra ou externo). As operacións previstas seleccionáronse tomando como referencia o Anexo II.B da Decisión 96/350/CE. Márcase a primeira casa polas razóns expostas con anterioridade.

VALORIZACIÓN				
	OPERACIÓN PREVISTA	DESTINO INICIAL	PESO (t)	VOLUME (m³)
x	Non hai previsión de valorización enerxética na mesma obra ou en emprazamentos externos	-	-	-
	Aproveitamento enerxético de madeira		0	
	Aproveitamento enerxético de plástico		0	
	Aproveitamento enerxético de papel/cartón		0	
	Outros non perigosos(indicar)			
	Otros potencialmente perigosos (indicar)			

A pesar de que non existe previsión de valorización enerxética, proponse ter en conta, no caso de que puidese ser de aplicación, que para os residuos de papel ou cartón, ademais, ao ser biodegradables (con maior ou menor rapidez), debe poñerse en práctica unha estratexia de desvío de residuos biodegradables dos vertedoiros, en aplicación á lexislación comunitaria sobre vertedoiros, para evitar a emisión de gases de efecto invernadoiro.

O caso dos residuos de madeira que forman parte do fluxo dos RCD´s é distinto. Estes residuos poden e deben dirixirse a reciclaxe, dado que segundo fontes do sector da reciclaxe da madeira, existe unha infraestrutura de recollida e tratamento que, con algunhas melloras, podería dar servizo a todo o Estado.

Ademais, o seu elevado poder calorífico significa que mediante o seu depósito en vertedoiro está a desaproveitarse o contido enerxético dunha materia que constitúe unha fonte de enerxía renovable cuxa valorización enerxética substituiría o consumo de fontes de enerxía non renovables ou a obtención da biomasa mediante a sobrexplotación do recurso adoito.

Con todo, a súa reciclaxe ou valorización enerxética require un coñecemento previo das sustancias coas que se trataron para que, á vista da súa composición no momento de converterse en residuo, diríxanse a alternativas de tratamento técnica e ambientalmente viables. Algúns tratamentos da madeira poden converter este residuo en perigoso, co que a súa reciclaxe sería, desde o punto de vista económico, practicamente inviable, a súa valorización enerxética soamente podería facerse en instalacións de incineración autorizadas para tratar residuos perigosos, e o seu destino preferente sería, entón, o depósito en vertedoiros adecuados.

Practicamente de forma análoga ocorre cos plásticos, moitos deles son empregados como colectores de sustancias perigosas, polo que o seu aproveitamento enerxético resulta inviable. Outra característica asociada á problemática dos plásticos, é a gran variedade de densidades que os definen e diferencian, o que fai realmente complicada unha boa separación para a obtención dun óptimo rendemento no proceso de revalorización.

A valorización enerxética depende fundamentalmente da dispoñibilidade de plantas autorizadas para iso e das distancias de transporte desde os centros de xeración ata as devanditas plantas. En Galicia existen tres plantas de valorización enerxética de residuos orgánicos: Sogama, Nostián e Lousame, co que en principio, podería resultar viable o aproveitamento enerxético da madeira, pendente de avaliar o volume ou peso producido.

3.4 Medidas de separación, artículo 5.5 del R.D. 105/2008

Referente ás medidas de separación, o artigo 4 recolle no seu punto 4º do apartado a) que deberán incluírse no estudo de RCD "as medidas para a separación dos residuos en obra, en particular, para o cumprimento por parte do posuidor dos residuos, da obrigación establecida no apartado 5 do artigo 5".

As operacións previstas de segregación márcanse nas casas da seguinte táboa:

SEGREGACIÓN	
	OPERACIÓN PREVISTA
	Eliminación previa de elementos desmontables e/ou perigosos
x	Derribo separativo / segregación en obra nova (ej.: pétreos, madeira, metais, plásticos + envases, cartón, orgánicos, peligosos…). En caso de superar as fraccións establecidas no **artigo 5.5** del RD 105/2008
	Residuo único (residuo homoxéneo), e posterior tratamento en pranta
	Residuo "mesturado" en pequena proporción (escombro+plástico, papel, madeira, metal…), e posterior tratamento en planta
	Residuo integral "todo mesturado", e posterior tratamento en planta

O artigo 5.5 recolle ao respeto: "Los residuos de construcción y demolición deberán separarse en las siguientes fracciones, cuando, de forma individualizada para cada una de dichas fracciones, la cantidad prevista de generación para el total de la obra supere las siguientes cantidades: Hormigón: 80 t; Ladrillos, tejas, cerámicos: 40 t; Metal: 2 t; Madera: 1 t; Vidrio: 1 t; Plástico: 0,5 t; Papel y cartón: 0,5 t. La separación en fracciones se llevará a cabo preferentemente por el poseedor de los residuos de construcción y demolición dentro de la obra en que se produzcan. Cuando por falta de espacio físico en la obra no resulte técnicamente viable efectuar dicha separación en origen, el poseedor podrá encomendar la separación de fracciones a un gestor de residuos en una instalación de tratamiento de residuos de construcción y demolición externa a la obra. En este último caso, el poseedor deberá obtener del gestor de la instalación documentación acreditativa de que éste ha cumplido, en su nombre, la obligación recogida en el presente apartado".

3.5 Prego de prescripcións técnicas en relación col almacenamento, manexo e separación

Sobre este punto, nol 6º punto do apartado a) recóllese: *"Las prescripciones del pliego de prescripciones técnicas particulares del proyecto, en relación con el almacenamiento, manejo, separación y, en su caso, otras operaciones de gestión de los residuos de construcción y demolición dentro de la obra"*.

3.5.1. Prescripcións xerais

Son as que fan referencia ao almacenamento, manexo e, no seu caso, outras operacións de xestión dos residuos de construción e demolición en obra.

3.5.1.1 Xestión de residuos de construción e demolición

Xestión de residuos segundo R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos da construción e demolición.

A identificación realízase con arranxo á Lista Europea de Residuos publicada por Orde MAM/304/2002 do 8 de febreiro e as súas modificacións posteriores.

A segregación, tratamento e xestión de residuos levará a cabo mediante o tratamento correspondente por parte de empresas homologadas.

3.5.1.2 Certificación dos medios empregados

É obrigación do contratista proporcionar á Dirección Facultativa da Obra e ao Promotor, os certificados dos colectores empregados así como dos puntos de vertedura final, ambos os emitidos por entidades autorizadas e homologadas.

3.5.1.3 *Limpeza das obras*

É obrigación do contratista manter limpas as obras e os seus arredores tanto de cascallos como de materiais sobrantes, retirar as instalacións provisionais que non sexan necesarias, así como executar todos os traballos e adoptar as medidas que sexan apropiadas para que a obra presente bo aspecto.

3.5.1.4 *Prescripcións específicas*

A continuación, móstrase unha táboa na que se atopan sinaladas as casas correspondentes ás prescricións concretas que son de aplicación nesta obra.

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A REALIZACIÓN DAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DE RCD NA PROPIA OBRA	
	EVACUACIÓN DE RCD´S
x	Para as derribas: realizaranse actuacións previas tales como apeos, apontoamentos, estruturas auxiliares para as partes ou elementos perigosos, referidos tanto á propia obra como aos edificios lindeiros
x	Sinalizaranse as zonas de recollida de cascallos
x	O conduto de evacuación de cascallos será preferiblemente de material plástico, perfectamente ancorado, debendo contar en cada planta dunha boca de carga dotada de saias
x	O final do conduto deberá quedar sempre por baixo da liña de carga máxima do colector
x	O colector deberá cubrirse sempre cunha lona ou plástico para evitar a propagación do po
x	Durante os traballos de carga de cascallos prohibirase o acceso e permanencia de operarios nas zonas de influencia das máquinas (pas cargadoras, camións, etc...)
x	Nunca os cascallos excederán os peches laterais do receptáculo (colector ou caixa de camión), debéndose cubrir por unha lona ou toldo ou, na súa falta, regaranse para evitar propagación do po no seu desprazamento cara a vertedoiro
x	Como norma xeral, procurarase actuar retirando os elementos contaminados e/ou perigosos tan pronto como sexa posible, así como os elementos para conservar ou valiosos (cerámicos, mármores...).
	Seguidamente actuarase desmontando aquelas partes accesibles das instalacións, carpinterías e demais elementos que o permitan
	CARGA E TRANSPORTE
x	Toda a maquinaria para o movemento e transporte de terras e cascallos (camión volquete, pa cargadora, dumper, etc.), serán manexadas por persoal perfectamente adestrado e cualificado.
x	Nunca se utilizará esta maquinaria por encima das súas posibilidades. Revisaranse e manterán de forma adecuada. Con condicións climatolóxicas adversas extremarase a precaución e limitarase a súa utilización e, en caso necesario, prohibirase o seu uso.

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A REALIZACIÓN DAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DE RCD NA PROPIA OBRA	
x	Se existen liñas eléctricas eliminaranse ou portegerán para evitar entrar en contacto con elas.
x	Antes de iniciar unha manobra ou movemento imprevisto deberá avisarse cun sinal acústico.
x	Ningún operario deberá permanecer na zona de acción das máquinas e da carga. Soamente os condutores de camión poderán permanecer no interior da cabina se esta dispón de visera de protección.
x	Nunca se excederá a carga máxima dos vehículos nin os laterais de peche.
x	A carga, en caso necesario, asegurarase para que non poida desprenderse durante o transporte
x	Sinalizaranse as zonas de acceso, percorrido e vertedura.
x	O ascenso ou descenso das cabinas se reallizará utilizando os banzos e asideros de que dispoñen as máquinas. Estes manteranse limpos de barro, graxa ou outros elementos que os fagan esvaradíos.
x	En el uso de palas cargadoras, además de las medidas reseñadas se tendrán en cuenta: O desprazamento efectuarase coa culler o máis baixa posible Non se transportarán nin izarán persoas mediante a culler Ao finalizar o traballo a culler debe apoiarse no chan
x	No uso de dumper terase en conta: Estarán dotados de cabina antivolco ou, na súa falta, de barra antivuelco. O condutor usará cinto de seguridade Non se sobrecargará o cubilote de forma que impida a visibilidade nin que a carga sobresaia lateralmente Para transporte de masas, o cubilote terá un sinal de enchido máximo Non se transportarán operarios no dumper, nin moito menos no cubilote En caso de fortes pendentes, o descenso farase marcha atrás
	CARGA E TRANSPORTE
x	Organizarase o tráfico determinando zonas de traballo e vías de circulación
x	Cando nas proximidades dunha escavación existan tendidos eléctricos cos fíos espidos, deberase tomar algunha das seguintes medidas: Desvío da liña Corte da corrente eléctrica Protección da zona mediante apantallados As máquinas e os vehículos quedarán a unha distancia de seguridade determinada en función da carga eléctrica
x	No caso de que a operación de descarga sexa para a formación de terrapléns, será necesario o auxilio dunha persoa experta para evitar que ao achegarse o camión ao bordo do terraplén, este falle ou que o vehículo poida envorcar. Por iso é conveniente a colocación de topes, a unha distancia igual á altura do terraplén e, como mínimo, 2 m.
x	Acoutarase a zona de acción de cada máquina no seu tallo. Cando sexa marcha atrás ou o condutor estea falto de visibilidade, estará auxiliado por outro operario no exterior do vehículo.

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A REALIZACIÓN DAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DE RCD NA PROPIA OBRA	
x	Na operación de vertedura de materiais con camións, un auxiliar encargarase de dirixir a manobra con obxecto de evitar atropelos a persoas e colisións con outros vehículos
x	Para transportes de terras situadas a niveis inferiores á cota 0, o ancho mínimo da rampla será de 4,5 m., alargándose nas curvas, e os seus pendentes non serán maiores do 12 % ou do 8 %, segundo trátese de tramos rectos ou curvos respectivamente. En calquera caso, terase en conta a maniobrabilidade dos vehículos utilizados
x	Os vehículos de carga, antes de saír á vía pública, contarán cun tramo horizontal de terreo consistente, de lonxitude non menor a vez e media a separación entre eixos, nin inferior a 6 m.
x	As ramplas para o movemento de camións e/ou máquinas conservarán o noiro lateral que esixa o terreo
x	A carga, tanto manual como mecánica, realizarase polos laterais do camión ou pola parte traseira. Se se carga o camión por medios mecánicos, a pa non pasará por encima da cabina.
	ALMACENAMENTO
x	Non se acumularán terreos de escavación xunto ao bordo do baleirado, separándose do mesmo unha distancia igual ou maior a dúas veces a profundidade do baleirado
x	Cando o terreo escavado poida transmitir enfermidades contaxiosas, se desinfectará antes do seu transporte e non poderá utilizarse, neste caso, como terreo de préstamo, debendo o persoal que o manipula, estar equipado adecuadamente
x	As provisións de cada tipo de material formaranse e explotarán de forma que se evite a súa segregación e contaminación, evitándose unha exposición prolongada do material á intemperie, formando as provisións sobre superficies non contaminantes e evitando as mesturas de materiais de distintos tipos
x	Se se prevé a separación de residuos en obra, estes almacenaranse, ata o seu transporte a planta de valorización, en colectores adecuados, debidamente protexidos e sinalizados
x	O responsable de obra adoptará as medidas necesarias para evitar o depósito de residuos alleos á obra
x	O depósito temporal dos cascallos, realizarase ben en sacos industriais iguais ou inferiores a 1m³, contadores metálicos específicos coa localización e condicionado que establezan as ordenanzas municipais. Devandito depósito en provisións, tamén deberá estar en lugares debidamente sinalizados e segregados do resto de residuos.
x	O depósito temporal para RCDs valorizables (madeiras, plásticos, metais, chatarra?) que se realice en colectores ou provisións, deberase sinalizar e segregar do resto de residuos dun modo adecuado.
	ALMACENAMENTO
x	Os colectores deberán estar pintados en cores que destaquen a súa visibilidade, especialmente durante a noite, e contar cunha banda de material reflector de polo menos 15cm ao longo de todo o seu perímetro.

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A REALIZACIÓN DAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DE RCD NA PROPIA OBRA	
	Nos mesmos deberá figurar a seguinte información: Razón social, CIF, teléfono do titular do colector / envase e o número de inscrición no rexistro de transportistas de residuos da comunidade autónoma na que se desenvolva o proxecto Esta información tamén deberá quedar reflectida nos sacos industriais e outros medios de contención e almacenaxe de residuos.
x	O responsable da obra á que presta servizo o colector adoptará as medidas necesarias para evitar o depósito de residuos alleos á mesma. Os contadores permanecerán pechados, ou cubertos polo menos, fóra do horario de traballo, para evitar o depósito de residuos alleos á obra á que prestan servizo.
x	No equipo de obra deberán establecerse os medios humanos, técnicos e procedementos para a separación de cada tipo de RCD.
x	Atenderanse os criterios municipais establecidos (ordenanzas, condicións de licenza de obras?), especialmente se obrigan á separación en orixe de determinadas materias obxecto de reciclaxe ou deposición. Neste último caso deberase asegurar por parte do contratista realizar unha avaliación económica das condicións nas que é viable esta operación, tanto polas posibilidades reais de executala como por dispoñer de plantas de reciclaxe ou xestores de RCDs adecuados. A Dirección de Obra será a responsable de tomar a última decisión e da súa xustificación ante as autoridades locais ou autonómicas pertinentes
	ALMACENAMENTO
x	Deberase asegurar na contratación da xestión dos RCDs que o destino final (planta de reciclaxe, vertedoiro, canteira, incineradora?) son centros coa autorización autonómica da Consellería de Medio Ambiente, así mesmo deberase contratar só transportistas ou xestores autorizados pola devandita Consellería e inscritos no rexistro pertinente Levará a cabo un control documental, de modo que os transportistas e xestores de RCD´s deberán achegar as avais de cada retirada e entrega en destino final. Para aqueles RCD´s (terras, pétreos...)que sexan reutilizados noutras obras ou proxectos de restauración, deberase achegar evidencia documental do destino final
x	A xestión tanto documental como operativa dos residuos perigosos que se achen nunha obra de derriba ou de nova planta rexeranse conforme á lexislación nacional e autonómica vixente e aos requisitos das ordenanzas municipais Así mesmo os residuos de carácter urbano xerados nas obras (restos de comidas, envases?) serán xestionados acorde cos preceptos marcados pola lexislación e autoridade municipal correspondente.
x	Para o caso dos residuos con amianto seguiranse os pasos marcados pola Orde MAM/304/2002 do 8 de febreiro pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos para poder consideralos como perigoso ou non perigosos. En calquera caso sempre se cumprirán os preceptos ditados polo RD 108/1991 do 1 de febreiro sobre a prevención e redución da contaminación do medio ambiente producida polo amianto, así como a lexislación laboral respecto diso.
x	Os restos de lavado de canaletas / cubas de formigón serán tratadas como cascallos

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A REALIZACIÓN DAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DE RCD NA PROPIA OBRA	
x	Evitarase en todo momento a contaminación con produtos tóxicos ou perigosos dos plásticos e restos de madeira para a súa adecuada segregación, así como a contaminación das provisións ou colectores de cascallos con compoñentes perigosos
x	As terras superficiais que poden ter un uso posterior para xardinería ou recuperación dos chans degradados será retirada e almacenada durante o menor tempo posible en caballóns de altura non superior a 2 metros. Evitarase a humidade excesiva, a manipulación e a contaminación con outros materiais.
	Outros (indicar)

3.6 Valoración do custe previsto da xestión de los rcd

Por outra banda, no estudo de xestión de RCD´s ha de incluírse unha valoración do custo previsto da xestión dos residuos de construción e demolición que formará parte do orzamento do proxecto en capítulo independente, recollido no sétimo e último punto do apartado a).

Calcúlase unha estimación dos custes de tratamento dos residuos baseada en prezos de mercado obtidos de distintos xestores autorizados. No caso dos RCD´s, establécese o rango de prezos en función da segregación que se levou a cabo cos residuos, de forma que o tratamento encarécese canto menor sexa o grao de homoxeneidade dos mesmos.

Preséntase a continuación, unha táboa resumen na que se mostran os datos da estimación do custo do tratamento da xestión dos RCD producidos na obra:

A. ESTIMACIÓN DO CUSTE DE TRATAMENTO DOS RCD					
Tipoloxía RCD	Estimación (m³)	Custe de xestión (planta, vertedeiro, xestor…)		Importe (€)	Porcentaxe do presuposto de obra
Terras e pétreos	0,00	0,00	€/m³	0 €	0,00%
RCD	276,39	6,50	€/m³	1.796,56 €	0,58%
Potencialmente perigosos	17,18	20,00	€/m³	343,60 €	0,11%
			TOTAL	**2.140,16 €**	**0,69%**
B. OUTROS CUSTES DE XESTIÓN (alquileres, punto limpio, transporte, contedores, etc.)					
% Presuposto da obra				310,00 €	0,001%
			TOTAL	**310,00 €**	**0,001%**
%TOTAL PRESUPOSTO DA OBRA (A+B)				**2.450,16 €**	**0,69%**

Os seguintes puntos son aclaracións aos cálculos realizados:

- En Terras e pétreos inclúense os códigos: 17 05 04,17 05 06,17 05 08.
- En RCD inclúense os códigos 17 e 01 (excepto 17 05 04,17 05 06,17 05 08).
- En perigosos inclúense potencialmente perigosos e perigosos.
- Os residuos urbanos (código 20) exclúense dos cálculos porque se considera que xa se contemplan na partida que corresponde ao canon imposto polo concello no que se desenvolva a obra.
- Na estimación de produción de residuos tense en conta o peso dos residuos que se valorizarán (inclúe reutilización, reciclado, recuperación ou aproveitamento enerxético). Se se descoñecen estes datos, considérase 0. Por tanto, a cifra estimativa do custe obtense para o caso máis desfavorable.

Santiago de Compostela, xuño de 2017
O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
Autor do Estudo

Asdo. Pablo Blanco Ferreiro

PLANOS XESTIÓN DE RESIDUOS



XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA	FEDER Fondo Europeo de Desarrollo Regional UNIÓN EUROPEA "Una manera de hacer Europa"	galicia o ben camiño	axi axencia galega de infraestruturas	CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.-E. TUTOR DO PROXECTO Asdo. Pablo Prieto Ferreiro	A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO Asdo. Mª Jesús Tejada López	Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN Asdo. Carlos Lefler Gullón	ESCALA: DIN A1: 1 / 50.000 DIN A3: 1 / 100.000 0 500 1.000 1.500 2.000m	TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241. Treito: San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490**	CLAVE: AC/16/197.06	Nº DE PLANO: ANEXO 16 FOLLA 1 DE 2	DESIGNACION DO PLANO: XESTORES DE RESIDUOS	DATA: XUÑO 2017 Nº DE PAXINA:

Tamaño impresión ISO full bleed A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas COLOR grosor por capa.ctb

Autor ALEJANDRO
Trazado —
Ruta H:\ALEJO\2017\Sendas\Itinerario peonil e ciclista na AC-241. Treito Conexión San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490
Nombre A16-gestores

Tamaño impresión ISO full bleed A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas COLOR grosor por capa.ctb

Autor Alejandro Millán M.
Trazado ALEJANDRO

Ruta H:\ALEJO\2017\Sendas\Itinerario peonil e ciclista na AC-241. Treito Conexión San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490
Nombre A16-gestores2

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

FEDER
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

galicia o bo camiño

axi avanza galega de infraestruturas

CONSULTOR:
ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C. A. E AUTOR DO PROXECTO
Asdo. Pablo Bermúdo Ferreiro

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.a P. DIRECTORA DO PROXECTO
Asdo. Mª Jesús Tejada López

Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN
Asdo. Carlos Lefler Gullón

ESCALA:
DIN A1: 1 / 1.000
DIN A3: 1 / 2.000
0 10 20 30 40m

TITULO:
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241. Treito:
San Gregorio - Rozadela. P.Q. 2+540 - 3+490

CLAVE: AC/16/197.06

Nº DE PLANO: A 16
FOLLA 2 DE 2

DESIGNACION DO PLANO:
ZONA RESERVADA
XESTION DE RESIDUOS

DATA: XUÑO 2017
Nº DE PAXINA:

Anexo nº17: Estudo de seguridade e saúde

ÍNDICE

MEMORIA

1. INTRODUCIÓN

2. MARCO XURÍDICO

3. OBRIGAS DAS EMPRESAS CONTRATADAS

4. CARACTERÍSTICAS DA OBRA

5. DETECCIÓN DOS FACTORES CAUSANTES DE RISCO

6. PREVENCIÓN DE RISCOS PROFESIONAIS
   6.1 Protección individuais
   6.2 Protección colectivas

7. ACTIVIDADES QUE COMPOÑEN A OBRA PROXECTADA
   7.1 Demolición de firmes
      7.1.1. Riscos mais frecuentes
      7.1.2. Normas básicas de seguridade e protección colectivas
   7.2 Escavación de gabiase pozos
      7.2.1. Riscos mais frecuentes
      7.2.2. Normas básicas de seguridade e protección colectivas
   7.3 Recheo de terras
      7.3.1. Riscos mais frecuentes
      7.3.2. Normas básicas de seguridade e protección colectivas
   7.4 Estendido de firmes
      7.4.1. Riscos mais frecuentes
      7.4.2. Normas básicas de seguridade e protección colectivas
   7.5 Estendido de bases de firmes
      7.5.1. Riscos mais frecuentes
      7.5.2. Normas básicas de seguridade e protección colectivas

8. MEDIDAS PREVENTIVAS RELATIVAS Á MAQUINARIA, INSTALACIÓNS AUXILIARES E EQUIPOS DE TRABALLO
   8.1 Medidas xerais para a maquinaria pesada
   8.2 Maquinaria para movemento de terras
   8.3 Medios de fabricación e posta en obra de firmes
   8.4 Formigonado
   8.5 MAQUINARIA DE ELEVACIÓN
   8.6 Outros
   8.7 Medios auxiliares

9. PREVISIÓN DE RISCOS NAS FUTURAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN
   9.1 Obras de fábrica
   9.2 Elementos de sinalización

10. MEDIDAS PREVENTIVAS A DISPOÑER EN OBRA
   10.1 Medidas xerais
      10.1.1. Medidas de carácter organizativo
   10.2 Servizos de prevención e organización da seguridade e saúde na obra.
   10.3 Modelo de organización da seguridade na obra
      10.3.1. Medidas de carácter dotacional
      10.3.2. Medidas xerais de carácter técnico
   10.4 Prevención de riscos de danos a terceiros

11. CONCLUSIÓN

1. CRITERIOS ADOPTADOS
   1.1 Man de obra
   1.2 Maquinaria
   1.3 Materiais

2. CUSTOS INDIRECTOS

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN DESTE PREGO

2. LEXISLACIÓN E NORMAS APLICABLES

3. OBRIGAS DAS DIVERSAS PARTES INTERVENIENTES NA OBRA

4. SERVIZOS DE PREVENCIÓN

5. CONDICIÓNS PARTICULARES DO ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE
   5.1 Riscos laborais non previstos
   5.2 Utilización e conservación dos equipos de traballo
   5.3 Previsión para traballos posteriores

6. CONDICIÓNS TÉCNICAS DA MAQUINARIA E EQUIPOS DE TRABALLO
   6.1 Plan de revisións:

7. SUBSTANCIAS E MATERIAIS PERIGOSOS

8. NORMAS REFERENTES A PERSOAL EN OBRA

9. NORMAS DE SINALIZACIÓN

10. CONDICIÓNS DOS MEDIOS DE PROTECCIÓN
   10.1 Protección persoais
   10.2 Protección colectivas
   10.3 Organización da prevención na obra
   10.4 Actuacións en caso de accidente

11. LIBRO DE INCIDENCIAS

12. INSTALACIÓNS DE HIXIENE E BENESTAR

Memoria e anexos

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241.
SAN GREGORIO – ROZADELA. P.Q. 2+540 – 3+490

ANEXO Nº16: SEGURIDADE E SAÚDE

MEMORIA

1. INTRODUCIÓN

O presente estudo de Seguridade e Saúde redáctase en cumprimento do disposto no Real Decreto 1627/1.997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, tendo como obxectivos a prevención de accidentes laborais, enfermidades profesionais e danos a terceiros que as actividades e medios materiais previstos poidan ocasionar durante a execución do proxecto de construción"

2. MARCO XURÍDICO

No artigo 4 do R.D. mencionado anteriormente establécense as condicións de obrigatoriedade para a redacción do Estudo de Seguridade e Saúde nas obras de construción, vindo regulamentariamente esixido no presente caso.

- Presuposto de execución por contrata incluído no proxecto sexa igual ou superior a 450.759,08 euros (75 millóns de pesetas).
- Que a duración estimada sexa superior a 30 días laborables, empregándose nalgún momento a máis de 20 traballadores simultaneamente.
- Que o volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a 500.
- As obras de túneles, galerías, conducións subterráneas.

Aínda que a presente obra non se atopa incluída nos supostos anteriores, dadas as características particulares da obra e a zona onde se executarán os traballos, na marxe esquerda da estrada AC-241, que conta cunha IMD media, e cun tránsito considerable de peóns, considerouse necesaria a inclusión no presente proxecto dun estudo de seguridade e saúde completo.

De acordo con iso, este estudo debe ser complementado, antes do comezo da obra, polo plan de seguridade e saúde elaborado polo contratista. O devandito plan desenvolverá as medidas preventivas previstas no estudo, adaptando estas ás técnicas e solucións que han de poñerse finalmente en obra. Eventualmente, o plan de seguridade e saúde poderá propoñer alternativas preventivas ás medidas planificadas aquí, nas condicións establecidas no artigo 7 do xa citado Real Decreto 1627/1997.

No seu conxunto, o plan de seguridade e saúde constituirá o conxunto de medidas e actuacións preventivas derivadas deste estudo, que o contratista se compromete a dispoñer nas distintas

actividades e fases da obra, sen prexuízo das modificacións e actualizacións a que poida haber lugar, nas condicións regulamentariamente establecidas.

O plan de seguridade e saúde da obra incluirá un desenvolvemento máis detallado desta planificación, sinalando mediante diagramas espazo – tempo os detalles de esta, especialmente en relación cos traballos e procesos a realizar nos tallos de maior significación preventiva (movemento de terras, afirmado, estruturas, etc.).

A base legal deste estudo, así como do citado Real Decreto 1627/97, ditado no seu desenvolvemento, é a Lei 31/1.995, do 10 de novembro, de prevención de riscos laborais, o desenvolvemento regulamentario da cal, de aplicación directa ao estudo de Seguridade e saúde, en tanto que establece normas que deben ser observadas parcial ou totalmente na súa redacción e posterior cumprimento que, sen prexuízo das recollidas no prego de condicións deste estudo.

3. OBRIGAS DAS EMPRESAS CONTRATADAS

Son as seguintes:

Cada unha das empresas contratadas pola promotora deberá elaborar un Plan de seguridade e saúde no que se recollan:

- Descrición do proceso construtivo, segundo o seu sistema de execución da obra.
- Unidades de obra que van executar.
- Os riscos aos que están expostos.
- As normas de seguridade que deben aplicar para evitar os riscos
- Equipos de protección individual.
- Medios de protección colectiva.

Todo iso, correspondente aos traballos que van realizar; tendo en conta os medios humanos e materiais cos que contan.

O Plan de Seguridade e Saúde será presentado antes do comezo dos traballos, ao Coordinador de Seguridade e Saúde, que emitirá informe para a súa aprobación por parte da Administración pública que adxudica a obra. Mentres tanto non se poderán comezar os traballos.

Cada empresa contratista antes do comezo dos traballos comunicará o nomeamento dun responsable na obra de vixiar o cumprimento por parte dos seus traballadores das medidas preventivas establecidas no plan de seguridade.

As empresas contratistas acreditarán a formación e información de todos os seus traballadores, en materia de seguridade e saúde, de acordo cos traballos que execute cada un deles.

4. CARACTERÍSTICAS DA OBRA

DESCRICIÓN DA OBRA
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-241. TREITO: SAN GREGORIO – ROZADELA (P.Q. 2+540 – 3+490)
EMPRAZAMENTO
CONCELLO DE VEDRA (SAN MAMEDE DE RIBADULLA) Provincia de A Coruña
PROMOTOR
C.I.V (Consellería de Infraestruturas e Vivenda)
PRAZO DE EXECUCIÓN
SEIS MESES (6)
Nº TRABALLADORES ESTIMADO
SEIS (6) OPERARIOS
ORZAMENTO PROXECTO (E.M.)
259.637,25 €
ORZAMENTO S. e S. (E.M.)
2.788,33€
ACCESIBILIDADE
Doada

5. DETECCIÓN DOS FACTORES CAUSANTES DE RISCO

- Maquinaria en condicións defectuosas
- Incorrecta utilización de equipos auxiliares e materiais
- Deficiente mantemento dos materiais utilizados
- No usar equipos de protección colectiva
- Non gardar separacións mínimas de seguridade
- Presenza de mala climatoloxía
- Realización de traballos sen coordinación
- Mala formación dos traballadores
- Non retirada de produtos inflamables

- Non realizar unha inspección previa
- Falta de organización no tallo
- Descoñecemento do tipo de terreo
- Non evacuación de augas pluviais (esgotamentos, drenaxe, etc.)
- Contactos eléctricos
- Deficiente iluminación das zonas de risco

6. PREVENCIÓN DE RISCOS PROFESIONAIS

6.1 Proteccións individuais

- Gafas antiproxeccións-antiimpactos
- Casco de polietileno
- Botas de seguridade
- Botas de goma (ou PVC) de seguridade
- Traxes impermeables
- Máscaras antipó
- Roupa de traballo
- Guantes de coiro
- Guantes de goma ou PVC
- Guantes illantes para baixa tensión
- Faixa antivibratorias
- Protector auditivo (cascos)
- Gafas antipó
- Chaleco reflectante
- Cinto de seguridade
- Faixa de protección lumbar
- Proteccións diélectricas

6.2 Proteccións colectivas

- Acoutar con vallas e varandas
- Sinalización de seguridade
- Regar con auga
- Esteamentos e apuntalamentos
- Topes para vehículos
- Pasarelas para peóns
- Taboleiros resistentes, redes ou elementos equivalentes
- Cable de seguridade para ancoraxes do cinturón
- Toma de terra
- Iluminación artificial

7. ACTIVIDADES QUE COMPOÑEN A OBRA PROXECTADA

En relación coas condicións de seguridade e saúde laboral que se producirán ó longo da execución da obra proxectada, considéranse as seguintes actividades construtivas de forma diferenciada:

- Demolicións
- Escavación e terrapléns
- Escavación e recheo de gabias
- Pavimentación de firmes
- Execución de estruturas
- Obras complementarias e remates

7.1 Demolición de firmes

7.1.1. Riscos mais frecuentes

- Salto de partículas
- Desprendemento de cascotes
- Contaminación
- Ruídos e vibracións
- Caídas ó mesmo nivel
- Atropelos, colisións e xiros
- Contactos eléctricos directos/indirectos

7.1.2. Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Antes de iniciarse os traballos de demolición, debe comprobarse a presenza de servizos enterrados que poidan verse afectados durante as obras.

Se hai que manter o subministro de algún destes servizos durante os traballos de demolición, os condutos deben quedar protexidos de maneira adecuada contra todo dano.

Colocaranse vallas e varandas arredor da zona perigosa.

Regarase con auga a intervalos convenientes para evitar a xeración de po.

7.2 Escavación de gabiase pozos

7.2.1. Riscos mais frecuentes

- Desprendemento de terras
- Xiros e atropelos con maquinaria
- Danos a estruturas lindantes ou viais
- Caídas a mesmo nivel
- Caídas a distinto nivel
- Interferencias por conducións
- Inundacións
- Golpes por obxectos
- Caídas de obxectos

- Caídas de maquinaria e material no interior da escavación
- Vibracións e ruído
- Xeración de po
- Contactos eléctricos
- Condicións climatolóxicas extremas

7.2.2. Normas básicas de seguridade e protección colectivas

Previo ó inicio dos traballos realizarase unha inspección do terreo e das instalacións lindantes.

Prohíbese o abasto de terras ou materiais a menos de 2 m dos bordes da escavación.

Eliminaranse todos os birlos ou viseiras, das frontes de escavación.

As ramplas de acceso de vehículos terán pendentes e anchuras axeitadas.

As frontes e paramentos verticais de escavación inspeccionaranse ao iniciar os traballos.

Sinalizarase mediante unha liña a distancia de seguridade mínima de aproximación, de 2 metros, ao bordo das escavacións.

As coroacións de noiros permanentes, ás que deban acceder persoas, protexeranse mediante unha varanda de 90 cm. de altura, con listón intermedio e rodapé, situada como mínimo a 2 metros do bordo do noiro.

Eliminaranse as árbores, arbustos e matos con raíces que queden ao descuberto e diminúan a estabilidade propia gabia e do corte.

Inspeccionaranse os esteamentos antes do inicio de calquera traballo.

Estearanse os noiros en función do seguinte criterio:

PENDENTE	TIPO DE TERREO
1/1	Movedizo
1/2	Brandos, pero resistentes
1/3	Moi compactos

En caso de presenza de auga na obra, procederase o seu achique para previr alteracións no terreo.

As manobras de carga a culler de camións, serán dirixidas por unha persoa autorizada.

Conservaranse os viais da obra, cubrindo fochas, eliminando baldóns e compactando o piso.

Habilitaranse accesos diferenciados e separados para persoas e para vehículos.

Prohíbese a permanencia dentro do radio de acción da maquinaria.

Estearanse as gabias cando a súa profundidade sexa igual ou superior a 1,5 metros.

Prohíbese realizar calquera traballo ao pé de noiros inestables.

Prohíbese permanecer ao pé dunha fronte de escavación recentemente aberta, antes de proceder ao seu saneo.

Cando as gabias e baleirados teñan unha profundidade igual ou superiora 2 metros, protexeranse mediante unha varanda de 90 cm. de altura, con listón intermedio e rodapé, situada como mínimo a 2 metros do bordo.

Cando as gabias e baleirados teñan unha profundidade inferior a 2 metros, delimitarase o seu perímetro mediante balizamento.

O persoal que traballe no interior de gabias coñecerá os riscos aos que pode estar exposto.

O acceso e saída das gabias realizarase mediante escaleiras sólidas. As escaleiras superarán en 1 metro o bordo da gabia.

Se os traballos requiren iluminación, efectuarase mediante torres illadas con toma de terra, nas que se instalarán proxectores de intemperie, alimentados dende o cadro xeral de obra.

Se os traballos requiren iluminación portátil, a alimentación das lámpadas será a 24 voltios. Os portátiles estarán provistos de reixa protectora e de carcasa illada electricamente.

7.3 Recheo de terras

7.3.1. Riscos mais frecuentes

- Exceso de carga dos vehículos
- Caídas de persoal e material a distinto nivel
- Caídas de persoal e material ó mesmo nivel
- Interferencia de vehículos
- Atropelos de persoas
- Volco de vehículos
- Vibracións e ruído
- Po

7.3.2. Normas básicas de seguridade e protección colectivas

O persoal que manexe a maquinaria de obra será especialista, estarán en posesión da documentación que acredite a súa capacitación.

Os vehículos serán revisados periodicamente.

Non se sobrecargarán os vehículos por enriba da súa carga máxima admisible, a cal levarán sempre escrita de forma visible.

Prohíbese o transporte de persoal fóra da cabina de condución e en número superior ao dos asentos existentes no interior.

Os equipos de carga serán dirixidos por un xefe de equipo que coordinará as manobras.

Regaranse periodicamente os tallos, as cargas e as caixas de camión, para evitar ambientes pulverulentos.

Sinalizaranse os accesos e percorrido dos vehículos no interior da obra.

Instalaranse no bordo dos terrapléns de vertedura, topes sólidos de limitación de percorrido.

Prohíbese a permanencia de persoas nun radio de 5 metros en torno aos compactadores en funcionamento.

Os vehículos disporán de avisador acústico de retroceso.

Os vehículos disporán de cabina de seguridade antixiro.

Os condutores dos vehículos de cabina pechada están obrigados a utilizar o casco de seguridade ao abandonar a cabina no interior da obra.

7.4 Estendido de firmes

7.4.1. Riscos mais frecuentes

- Caídas ao mesmo nivel
- Caídas a distinto nivel
- Golpes por obxectos, cortes e picadas
- Colisións e atropelos por circulación de vehículos e máquinas.
- Xiros
- Atrapamentos por partes móbiles das máquinas
- Proxección de partículas aos ollos
- Queimaduras
- Incendios
- Gases e vapores
- Po e ruído

7.4.2. Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Antes de iniciar os traballos resolveranse as posibles interferencias con conducións aéreas e enterradas, que poidan afectar ás áreas de movementos de vehículos.

Cando os traballos se realicen en estradas en servizo dirixirase o tráfico con axuda de sinalistas, que disporán de chalecos reflectantes, sinais manuais e radioteléfonos para ordenar o tráfico.

Sinalizaranse os accesos e percorridos dos vehículos no interior da obra para evitar interferencias con operarios ou outros vehículos.

Sinalizaranse os accesos á vía pública mediante sinais normalizados de "perigo indefinido", "perigo saída de camións" e "STOP".

Os vehículos e maquinaria serán unicamente manexados polos operarios asignados.

Disporanse as medidas necesarias para previr que os vehículos e máquinas se poñan en movemento accidentalmente.

Os movementos de vehículos e máquinas serán regulados se fose preciso por persoal auxiliar de obra que axudará a condutores e maquinistas na correcta execución das manobras e impedirá a presenza de persoas alleas a estes traballos.

Os vehículos cargaranse axeitadamente tanto en peso a transportar coma en distribución da carga, establecéndose o control necesario para que non se produzan excesos que poidan provocar riscos de caída incontrolada de material dende os vehículos ou circulación destes con sobrecarga.

Prohíbese a permanencia de operarios nun radio non inferior aos 5 m entorno ás compactadoras e apisoadoras en funcionamento, así como colocarse detrás dos camións que traen o material.

Non se permitirá transportar persoas en máquinas que non dispoñan de asentos para acompañalos.

Nos traballos en proximidades de liñas eléctricas respectaranse as distancias consideradas no Regulamento de Liñas Eléctricas de Alta Tensión.

En todo momento manteranse as zonas de estendido limpas, ordenadas e suficientemente iluminadas, se fose necesario realizar traballos nocturnos.

Os traballos realizaranse cunha iluminación mínima de 100 lux.

A iluminación mediante portátiles farase con portalámpara de mango illante e reixa de protección da lámpada, alimentados a 24 V.

7.5 Estendido de bases de firmes

7.5.1. Riscos mais frecuentes

- Caídas ao mesmo nivel
- Caídas a distinto nivel
- Golpes por obxectos, cortes e picadas
- Colisións e atropelos por circulación de vehículos e maquinas.
- Xiros
- Atrapamentos por partes móbiles das máquinas
- Proxección de partículas aos ollos
- Queimaduras
- Incendios
- Gases e vapores
- Po
- Ruído

7.5.2. Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Regaranse periodicamente os tallos para impedir que se forme polvareda.

Manteranse as zonas de traballo limpas, ordenadas e suficientemente iluminadas, se fose necesario realizar traballos nocturnos.

En traballos de compactación teranse en conta as seguintes medidas preventivas:

Instruír convenientemente o persoal que manexe a maquinaria a utilizar na compactación.

O maior perigo destas máquinas reside nos descoidos do traballador, xa que o traballo é moi monótono. Terase en conta esta circunstancia, sobre todo cando haxa presentes varios equipos de traballo na mesma zona.

En caso de avaría mecánica en pendentes, todos os operadores deberán coñecer os procedementos de actuación para estes casos.

Sinalizaranse os bordos de terrapléns para evitar unha aproximación excesiva que provoque o xiro da máquina.

8. MEDIDAS PREVENTIVAS RELATIVAS Á MAQUINARIA, INSTALACIÓNS AUXILIARES E EQUIPOS DE TRABALLO

8.1 Medidas xerais para a maquinaria pesada

Recepción da maquinaria

A súa chegada á obra, cada máquina debe levar na súa carpeta de documentación as normas se seguridade para os operadores.

A súa chegada á obra, cada máquina irá dotada dun extintor timbrado e coas revisións ó día.

Cada maquinista deberá posuír a formación adecuada para que o manexo da máquina se realice de forma segura e, en caso contrario, será substituído ou formado adecuadamente.

A maquinaria a empregar na obra irá provista de cabinas antixiro e antiimpacto.

As cabinas non presentarán deformacións como consecuencia de sufriren algún xiro.

A maquinaria estará dotada de luces e bucina ou serea de retroceso, todas elas en correcto estado de funcionamento.

Utilización da máquina

Antes de iniciar cada quenda de traballo, comprobarase sempre que os mandos da máquina funcionan correctamente.

Prohibirase o acceso á cabina de mando de máquina cando se utilicen vestimentas sen cinguir e xoias ou adornos que poidan engancharse nos salientes e nos controis.

Imporase o bo costume facer soar a bucina antes de comezar a mover a máquina.

O maquinista axustará o asento de maneira que alcance todos os controis sen dificultade.

As subas e baixadas da máquina realizaranse polo lugar previsto para iso, empregando os chanzos e aseiro dispostos para tal fin e nunca empregando as lamias, cubertas e gardalamas.

Non se saltará da máquina directamente ao chan, salvo en caso de perigo inminente para o maquinista.

Só poderán acceder á máquina persoas autorizadas a iso polo xefe de obra.

Antes de arrancar o motor, o maquinista comprobará sempre que todos os mandos están na súa posición neutra, para evitar postas en marcha imprevistas.

Antes de iniciar a marcha, o maquinista asegurarase de que non existe ninguén preto, que poida ser arrastrado pola máquina en movemento.

Non se permitirá liberar os freos da máquina en posición de parada se antes non se instalaron os tacos de inmobilización das rodas.

Se fose preciso arrancar o motor mediante a batería doutra máquina, extremaranse as precaucións, debendo existir unha perfecta coordinación entre o persoal que teña que facer a manobra. Nunca se debe conectar á batería descargada outra de tensión superior.

Cando se traballe con máquinas con tren de rodaxe de pneumáticos, será necesario vixiar que a súa presión é a recomendada polo fabricante. Durante o recheo de aire dos pneumáticos o operario situarase tras a banda de rodadura, apartado do punto de conexión, pois o rebentón da mangueira de subministración ou a rotura da boquilla, poden facela actuar como un látego.

Sempre que o operador abandone a máquina, aínda que sexa por breves instantes, deberá antes facer descender o equipo ou útil ata o chan e colocar o freo de aparcamento. Se se prevé unha ausencia superior a tres minutos deberá, ademais, parar o motor.

Prohibirase empolicarse á máquina cando esta estea en movemento.

Co obxecto de evitar xiros da maquinaria por deformacións do terreo mal consolidado, prohibirase circular e estacionar a menos de tres metros do bordo de barrancos, gabias, noiros de terraplén e outros bordos de explanacións.

Antes de realizar baleirados a media aba con vertedura cara á pendente, inspeccionarase detidamente a zona, en prevención de desprendementos ou aludes sobre as persoas ou cousas.

Circularase coas luces acendidas cando, a causa do po, se poida ver diminuída a visibilidade do maquinista ou doutras persoas cara á máquina.

Estará terminantemente prohibido transportar persoas na máquina, se non existe un asento axeitado para iso.

Non se utilizará nunca a máquina por enriba das súas posibilidades mecánicas, é dicir, non se forzará a máquina con cargas ou circulando por pendentes excesivas.

Reparacións ou mantemento en obra

Nos casos de fallos na máquina, emendaranse sempre as súas deficiencias antes de continuar o traballo.

Durante as operacións de mantemento, a maquinaria permanecerá sempre co motor parado, o útil de traballo apoiado no chan, o freo de man activado e maquínaa bloqueada.

Non se gardará combustible nin trapos graxentos sobre a máquina, para evitar riscos de incendios.

Non se levantará en quente a tapa do radiador. Os vapores desprendidos de forma incontrolada poden causar queimaduras ao operario.

O cambio de aceite do motor e do sistema hidráulico efectuarase sempre co motor frío, para evitar queimaduras.

O persoal que manipule baterías deberá utilizar lentes protectores e luvas impermeables.

Nas proximidades de baterías prohibirase fumar, acender lume ou realizar algunha manobra que poida producir un chispazo eléctrico.

As ferramentas empregadas no manexo de baterías deben ser illantes, para evitar curtocircuítos.

Evitarase sempre colocar enriba da batería ferramentas ou elementos metálicos, que poidan provocar un curtocircuíto.

Sempre que sexa posible, empregaranse baterías blindadas, que leven os bornes intermedios totalmente cubertos.

Ao realizar o repostaxe de combustible, evitarase a proximidade de focos de ignición, que poderían producir a inflamación do gasóleo.

A verificación do nivel de refrixerante no radiador debe facerse sempre coas debidas precaucións, tendo coidado de eliminar a presión interior antes de abrir totalmente o tapón.

Cando se deba manipular o sistema eléctrico da máquina, o operario deberá antes desconectar o motor e extraer a chave do contacto.

Cando se deban soldar canalizacións do sistema hidráulico, sempre será necesario baleiralas e limpalas de aceite.

8.2 Maquinaria para movemento de terras

- *Bulldozers e tractores*

Como norma xeral, evitarase no posible superar os 3 Km./h de velocidade durante o movemento de terras.

Como norma xeral, tamén, prohibirase a utilización dos bulldozers nas zonas da obra con pendentes que alcancen o 50%.

En traballos de roza ao pé de noiros xa construídos, inspeccionaranse os materiais (árbores, rochas, etc.) inestables, que puidesen desprenderse accidentalmente sobre o tallo. Solo unha vez saneado o noiro procederase ao inicio dos traballos coa máquina.

- *Palas cargadoras*

As pas cargadoras irán dotadas dunha botica de primeiros auxilios de primeiros auxilios, axeitadamente resgardada e mantida limpa interna e externamente.

Revisaranse periodicamente todos os puntos de escape do motor, co fin de asegurar que o condutor non recibe na cabina gases procedentes da combustión. Esta precaución extremarase nos motores provistos de ventilador de aspiración para o radiador.

As pas cargadoras que deban transitar pola vía pública cumprirán coas disposicións regulamentarias necesarias para estar autorizada.

Os condutores asegurararanse sempre de que non existe perigo para os traballadores que se atopen no interior de pozos ou gabias próximos ao lugar de traballo da máquina.

Os condutores, antes de realizar novos percorridos, farán a pé o camiño de traballo, co fin de observar as irregularidades que poidan dar orixe a oscilacións verticais ou horizontais da culler.

O maquinista estará obrigado a non arrancar o motor da máquina sen antes asegurarse de que non hai ninguén na súa área de operación.

Prohibirase terminantemente transportar persoas no interior da culler.

Prohibirase terminantemente izar persoas para acceder a traballos puntuais utilizando a culler.

Prohibirase que os condutores abandonen a pa coa culler izada e sen apoiar no chan.

A culler, durante os transportes de terras, permanecerá o máis baixa posible, para que a máquina poida desprazarse coa máxima estabilidade.

Os ascensos ou descensos en carga da culler efectuaranse sempre utilizando marchas curtas.

A circulación sobre terreos desiguais efectuarase a velocidade lenta.

Prohibirase o manexo de grandes cargas (culleres a pleno enchido), cando existan fortes ventos na zona de traballo. O choque do vento pode facer inestable a carga.

Prohibirase durmir baixo a sombra proxectada pola máquina en repouso.

- *Motoniveladoras*

O operador asegurarase en cada momento da axeitada posición da coitela, en función das condicións do terreo e fase de traballo en execución.

Circularase sempre a velocidade moderada.

O condutor fará uso da bucina cando sexa necesario apercibir da súa presenza e sempre que vaia iniciar o movemento de marcha atrás.

Ao abandonar a máquina, o condutor asegurarase de que está freada e de que non pode ser posta en marcha por persoa allea.

O operador utilizará casco sempre que estea fóra da cabina.

O operador haberá de coidar axeitadamente a máquina, dando conta de fallos ou avarías que advirta e interrompendo o traballo sempre que estes fallos afecten a freos ou dirección, ata que a avaría quede emendada.

As operacións de mantemento e reparacións, faranse coa máquina parada e coa coitela apoiada no chan.

Estará prohibida a permanencia de persoas na zona de traballo da máquina.

- *Retroescavadora*

As retroescavadoras a utilizar nesta obra estarán dotadas de luces e bucina de retroceso en correcto estado de funcionamento.

No ámbito da máquina, prohibirase a realización de traballos ou a permanencia de persoas. Esta zona acoutarase a unha distancia igual á do alcance máximo do brazo escavador. Conforme vaia avanzando a retroescavadora, marcaranse con cal ou xeso bandas de seguridade. Estas precaucións deberán extremarse en presenza doutras máquinas, en especial, con outras retroescavadoras traballando en paralelo. Nestes casos será recomendable a presenza dun sinalista.

Os camiños de circulación interna da obra, coidaranse para evitar blandóns e lamazais excesivos, que mingúen a seguridade da circulación destas máquinas.

O maquinista debe tomar toda clase de precaucións cando traballa con culler bivalva, que pode oscilar en todas as direccións e golpear a cabina ou ás persoas circundantes que traballan nas proximidades, durante os desprazamentos.

O avance da escavación das gabias realizarase segundo o estipulado nos planos correspondentes do proxecto.

Se se emprega culler bivalva, o maquinista antes de abandonar a máquina deberá deixar a culler pechada e apoiada no chan.

A retroescavadora deberá levar apoiada a culler sobre a máquina durante os desprazamentos, co fin de evitar balanceos.

Os ascensos ou descensos das culleres en carga realizaranse sempre lentamente.

Prohibirase o transporte de persoas sobre a retroescavadora, en prevención de caídas, golpes e outros riscos.

Prohibirase utilizar o brazo articulado ou as culleres para izar persoas e acceder así a traballos elevados e puntuais.

Prohibirase realizar manobras de movemento de terras sen antes poñer en servizo os apoios hidráulicos de inmobilización.

Antes de abandonar a máquina deberá apoiarse a culler no chan.

Quedará prohibido o manexo de grandes cargas (culler a pleno enchido), baixo réxime de fortes ventos.

Se, excepcionalmente, se utiliza a retroescavadora como grúa, deberán tomarse as seguintes precaucións:

- ✓ A culler terá na súa parte exterior traseira unha argola soldada expresamente para efectuar colgues.

- ✓ O colgue efectuarase mediante ganchos ou mosquetón de seguridade incorporado ao balancín.
- ✓ Os tubos suspenderanse sempre dos extremos (dous puntos), en posición paralela ao eixe da gabia, coa máquina posta na súa dirección e sobre a súa directriz. Pode empregarse unha uña de montaxe directa.
- ✓ A carga será guiada por cabos manexados por dous operarios.
- ✓ A manobra será dirixida por un especialista.

En caso de inseguridade dos paramentos da gabia, paralizaranse inmediatamente os traballos.

O cambio de posición da retroescavadora efectuarase situando o brazo no sentido da marcha (salvo en distancias moi curtas).

Prohibirase realizar calquera outro tipo de traballos no interior das trincheiras ou gabias, na zona de alcance do brazo da retroescavadora.

Instalarase un sinal de perigo sobre un pé dereito, como límite da zona de seguridade do alcance do brazo da retroescavadora. Este sinal irase desprazando conforme avance a escavación.

Prohibirase verter os produtos da escavación coa retroescavadora a menos de 2 m do bordo de corte superior dunha gabia ou trincheira, para evitar os riscos por sobrecarga do terreo.

Se a retroescavadora realizara a escavación por debaixo do seu plano de sustentación, o cazo nunca deberá quedar por debaixo do chasis. Para escavar a zona de debaixo do chasis da máquina, esta deberá retroceder de forma que, cando realice a escavación, o cazo nunca quede por debaixo do chasis.

Na fase de escavación, a máquina nunca deberá expoñerse a perigos de derrubamentos da fronte de escavación.

Co obxecto de evitar lesións durante as operacións de mantemento, o maquinista deberá apoiar primeiro a culler no chan, parar o motor, poñer en servizo o freo de man e bloquear a máquina. A continuación, poderá xa realizar as operacións de servizo que necesite.

- *Camións e dúmperes*

O condutor de cada camión estará en posesión do preceptivo carné de conducir e actuará con respecto ás normas do código de circulación e cumprirá en todo momento a sinalización da obra.

O acceso e circulación interna de camións na obra efectuarase tal e como se describa nos planos do plan de seguridade e saúde desta.

As operacións de carga e de descarga dos camións, efectuaranse nos lugares sinalados nos planos para tal efecto.

Todos os camións dedicados ao transporte de materiais para esta obra, estarán en perfectas condicións de mantemento e conservación.

Antes de iniciar as manobras de carga e descarga do material, ademais de ser instalado o freo de man da cabina do camión, instalaranse calzos de inmobilización de lar rodas, en prevención de accidentes por fallo mecánico.

O ascenso e descenso das caixas dos camións efectuarase mediante escadas metálicas fabricadas para tal mester, dotadas de ganchos de inmobilización e seguridade.

As manobras de carga e descarga mediante plano inclinado, serán gobernadas dende a caixa do camión por un mínimo de dous operarios mediante soga de descenso. No ámbito do final do plano non haberá nunca persoas, en prevención de lesións por descontrol durante o descenso.

O colmo máximo permitido para materiais soltos non superará a pendente ideal do 5% e cubrirase cunha lona, en previsión de caídas.

As cargas instalaranse sobre a caixa de forma uniforme compensando os pesos, do xeito máis uniformemente repartido posible.

O gancho da grúa auxiliar, se existe, estará sempre dotado de ferrollo de seguridade.

ÁS cuadrillas encargadas da carga e descarga dos camións, faráselles entrega da seguinte normativa de seguridade:

- ✓ O maquinista deberá utilizar luvas ou manoplas de coiro para evitar lesións nas mans.
- ✓ O maquinista deberá empregar botas de seguridade para evitar esmagamentos ou golpes nos pés.
- ✓ O acceso aos camións realizarase sempre pola escada destinada a tal fin.
- ✓ O maquinista cumprirá en todo momento as instrucións do xefe de equipo.
- ✓ Quedará prohibido saltar ao chan dende a carga ou dende a caixa se non é para evitar un risco grave.

Ós condutores dos camións, cando traspasen a porta da obra entregaráselles a seguinte normativa de seguridade (para visitantes):

- ✓ "Atención, penetra vostede nunha zona de risco, siga as instrucións do sinalista. Se desexa abandonar a cabina do camión utilice sempre o casco de seguridade que se lle entregou ao chegar xunto con esta nota. Circule unicamente polos lugares sinalizados ata chegar ao lugar de carga e descarga. Unha vez concluída a súa estanza na obra, devolva o casco ao saír. Grazas ".

Os camións dúmper a empregar na obra deberán ir dotados dos seguintes medios en correcto estado de funcionamento:

- Faros de marcha cara a diante
- Faros de marcha de retroceso
- Intermitentes de aviso de xiro
- Pilotos de posición dianteiros e traseiros
- Pilotos de balizamento superior dianteiro da caixa
- Servofreos
- Freos de man
- Bucina automática de marcha retroceso
- Cabinas antixiro
- Poden ser precisas, ademais: cabinas dotadas de aire acondicionado, lonas de cubrición de cargas e outras.

Diariamente, antes do comezo da xornada, inspeccionarase o bo funcionamento do motor, sistemas hidráulicos, freos, dirección, luces, bucinas, pneumáticos, etc. en prevención dos riscos por mal funcionamento ou avaría.

O traballador designado de seguridade será o responsable de controlar a execución da inspección diaria, dos camións dúmper.

Aos condutores dos camións dúmper faráselles entrega da seguinte normativa preventiva:

- ✓ Suba e baixe do camión polo peldañeado do que está dotado para tal mester, non o faga apoiándose

sobre as lamias, rodas ou salientes. Durante estas operacións, axúdese dos aseiros de forma frontal.

- ✓ Non salte nunca directamente ao chan, se non é por perigo inminente para vostede.
- ✓ Non trate de realizar axustes cos motores en marcha, pode quedar atrapado.
- ✓ Todas as operacións de revisión ou mantemento que deban realizarse co basculante elevado efectuaranse asegurando que se impide o seu descenso mediante encravamento.
- ✓ Non permita que as persoas non autorizadas accedan ao camión, e moito menos que poidan chegar a conducilo.
- ✓ Non utilice o camión dúmper en situación de avaría ou de semiavaría. Faga que o reparen primeiro. Logo, continúe o traballo.
- ✓ Antes de poñer en marcha o motor, ou ben, antes de abandonar a cabina, asegúrese de que instalou o freo de man.
- ✓ Non garde combustibles nin trapos graxentos sobre o camión dúmper, poden producir incendios.
- ✓ En caso de quentamento do motor, recorde que non debe abrir directamente a tapa do radiador. O vapor desprendido, se o fai, pode causarlle queimaduras graves.
- ✓ Recorde que o aceite do cárter está quente cando o motor o está. Cámbieo unha vez frío.
- ✓ Non fume cando manipule a batería nin cando abastece de combustibles, pode incendiarse.
- ✓ Non toque directamente o electrólito da batería cos dedos. Se debe facelo, fágao protexido con luvas de goma ou de PVC.
- ✓ Se debe manipular no sistema eléctrico do camión dúmper por algunha causa, desconecte o motor e extraia chave de contacto totalmente.

- o *Perforadora hidráulica*

O persoal encargado do manexo da perforadora será especialista nos traballos con esta máquina, en prevención de riscos por impericia.

Inspeccionarase o terreo circundante antes do inicio dos traballos co fin de detectar e previr os riscos do ámbito.

Os carros perforadores estarán provistos lateralmente dunha barra separada 15 cm do tren de rodadura, que evite a posibilidade de que as cadeas poidan pasar sobre os pés do operador de control.

Comprobarase o bo estado da barrena e dos punteiros.

Os empalmes entre barrenas estarán correctamente executados.

En caso de perforar ao bordo de cortes do terreo, buscarase un punto seguro onde amarrar o arnés anticaída.

Nunca se amarrará o arnés anticaída á máquina.

O compresor manterase afastado do carro perforador.

Non se traballará coa máquina en situación de avaría ou semiavaría.

Prohibirase a permanencia de persoas na fronte de ataque da perforadora.

Despois de cada interrupción do traballo revisarase o bo estado de todos os manguitos e abrazadeiras.

Se se descobre algún barreno falido, paralizarase o tallo e darase aviso ao artilleiro.

Cando se vaia proceder á carga e pega seguiranse as instrucións do artilleiro

- o *Dúmper motocaixa abatible*

Non baixarán ramplas frontalmente co vehículo cargado.

Os dúmperes estarán dotados de pórtico antixiro.

Está prohibido o transporte de persoas.

Para evitar golpes coa manivela de arranque, agarrarase a manivela coas dúas mans, o tirón darase de abaixo arriba, e o esforzo realizarase coas dúas pernas.

Non se cargará a caixa abatible a un nivel superior ao da vista do condutor.

A carga asegurarase ou fixarase.

- o *Compactador de rolos*

O persoal encargado do manexo desta máquina terá coñecemento dos riscos derivados do seu manexo.

Non utilizar en terreos moi cohesivos, pedregosos ou rochosos. - Antes de introducir o compactador vibratorio, farase en estudo xeral do lugar de traballo, do terreo e da súa carga admisible, para evitar posibles afundimentos ou xiros.

O compactador estará dotado de cabina antixiro e antiimpactos.

Os compactadores han de estar dotados dunha botica de primeiros auxilio.

Os compactadores disporán dun extintor de incendios portátil.

Prohíbese o abandono da cabina co motor en marcha.

Non se deberá baixar por pendentes co motor desembragado.

Prohíbese o transporte de persoas.

Prohíbese o acceso á condución con vestimentas sen cinguir, cadeas, pulseiras, etc.

Os compactadores estarán dotados de luces e de sinal acústico de retroceso.

Acoutarase ou balizarase a zona de actuación da máquina, e sinalizarase "risco de maquinaria pesada en movemento". A circulación na obra estará organizada de tal forma que non existan interferencias con outras zonas.

Prohíbese a estanza de operarios no tallo de compactado.

Ao finalizar o servizo e antes de deixar o compactador:

- ✓ Accionar o freo de estacionamento.
- ✓ Poñer o motor en primeira velocidade, se o compactador está fronte a unha suba.
- ✓ Poñer o motor en marcha atrás se o compactador está fronte a unha baixada.
- ✓ Desconectar o motor.
- ✓ Colocar calzos.

A revisión xeral do compactador e o seu mantemento, deben seguir as instrucións marcadas polo fabricante.

Diariamente comprobaranse os niveis e estanquidade de xuntas e manguitos, así como a presión dos pneumáticos e o seu estado.

Antes de iniciar a xornada, comprobarase o estado dos bulóns e pasadores de fixación do chasis arrastrado, así como dos elementos articulados.

- *Compactador de pneumáticos*

En traballos que afecten a vías públicas organizar e compaxinar convenientemente o tráfico rodado e de obra (aplicar, se corresponde, a Norma de Estradas 8.3. –IC "Sinalización de obras"). Tanto peóns sinalistas como a sinalización de obra.

O persoal encargado do manexo desta máquina terá coñecemento dos riscos derivados do seu manexo.

Antes de empezar o percorrido marcha atrás, para completar "unha pasada", asegurarse que non hai ningún obstáculo no percorrido.

Respectarase a circulación interna da obra.

Non se permitirá que persoas non autorizadas accedan ao compactador, poden provocar accidentes ou lesións.

Non utilizar en terreos moi cohesivos, pedregosos ou rochosos.

Antes de introducir o compactador vibratorio, farase en estudo xeral do lugar de traballo, do terreo e da súa carga admisible, para evitar posibles afundimentos ou xiros.

O compactador estará dotado de cabina antixiro e antiimpactos.

O compactador estará dotado dunha botica de primeiros auxilios.

O compactador disporá dun extintor de incendios portátil.

Prohíbese o abandono da cabina co motor en marcha.

Non se deberá baixar por pendentes co motor desembragado.

Prohíbese o transporte de persoas.

Prohíbese o acceso á condución con vestimentas sen cinguir, cadeas, pulseiras, etc.

O compactador estará dotado de luces e de sinal acústico de retroceso.

Acoutarase ou balizarase a zona de actuación da máquina, e sinalizarase "risco de maquinaria pesada en movemento". A circulación na obra estará organizada de tal forma que non existan interferencias con outras zonas.

Prohíbese a estanza de operarios no tallo de compactado.

Non permanecer dentro do campo de circulación do rolo, no caso contrario "facerse visible" o operario.

Circular co rolo, no posible, en avance frontal evitando os desprazamentos laterais.

Manterse a distancia de seguridade dos bordos do noiro de recheo.

Nos recheos localizados próximos ás obras de fábrica evitar os golpes a elementos estruturais, pode ocasionar accidente.

Ao finalizar o servizo e antes de deixar o compactador:

- ✓ Accionar o freo de estacionamento.
- ✓ Poñer o motor en primeira velocidade, se o compactador está fronte a unha suba.
- ✓ Poñer o motor en marcha atrás se o compactador está fronte a unha baixada.
- ✓ Desconectar o motor.
- ✓ Colocar calzos.

Manter limpo o acceso á cabina, efectuando a subida e baixada ao rolo polo acceso previsto.

Antes de poñer en marcha o rolo compactador asegurarse de que están montadas todas as tapas e carcasas protectoras.

A revisión xeral do compactador e o seu mantemento, deben seguir as instrucións marcadas polo fabricante.

Diariamente comprobaranse os niveis e estanquidade de xuntas e manguitos, así como a presión dos pneumáticos e o seu estado.

Antes de iniciar a xornada, comprobarase o estado dos bulóns e pasadores de fixación do chasis arrastrado, así como dos elementos articulados.

8.3 Medios de fabricación e posta en obra de firmes

- *Rolo vibrante autopropulsado*

Non se permitirá a permanencia sobre o compactador doutra persoa que non sexa a súa operadora, co fin de evitar accidentes por caída dende a máquina.

Todos os operarios a pé no tallo de aglomerado quedarán en posición na cuneta ou beirarrúas, por diante da compactador, en prevención dos riscos por atrapamento e atropelo durante os movementos desta.

A escaleira de suba á plataforma de condución e o bordo exterior desta terán revestimento antiesvarante.

O operador terá a obriga de coidar especialmente a estabilidade do rolo ao circular sobre superficies inclinadas ou pisando sobre o bordo da capa de aglomerado.

Vixiarase o mantemento sistemático do estado de funcionamento da máquina.

Coidarase a instrución e vixilancia da prohibición de fumar durante as operacións de carga de combustible e de comprobación do nivel da batería da máquina.

Disporase de asento antivibratorio ou, no seu defecto, será preceptivo o emprego de faixa antivibratoria.

- *Camión basculante*

O condutor do camión estará en posesión do preceptivo carné de conducir e actuará con total respecto ás normas do código de circulación e respectará en todo momento a sinalización da obra.

Na manobra de colocación e acoplamento ante a estendedora, o condutor actuará con total suxeición ás instrucións e a dirección do encargado do tallo de estendido de aglomerado, así como ás indicacións do axudante de aviso.

Unha vez efectuada a descarga, a caixa será baixada antes de reemprender a marcha.

Atenderase á posible presenza de tendidos aéreos eléctricos ou telefónicos antes de comezar a elevación da caixa.

Todas as operacións de revisión ou mantemento que deba realizarse co basculante elevado efectuaranse asegurando que se impide o seu descenso, mediante encravamento.

- *Camión cisterna para rego asfáltico*

O condutor deberá dispoñer do correspondente certificado de aptitude para o transporte de mercadorías perigosas.

Queda prohibido o transporte de viaxeiros.

O camión cisterna deberá cumprir a normativa T.P.C. en todos os seus termos.

Disporá de botica de primeiros auxilios.

Disporá do preceptivo extintor, cargado, timbrado e coas revisións ao día.

O condutor:

- ✓ Realizará as accións oportunas para que o vehículo estea nas debidas condicións de manipulación e estiba durante a carga.
- ✓ Tomará as oportunas precaucións e accións para que a cisterna estea nas debidas condicións durante o rego.
- ✓ Levará dentro da cabina os equipos de protección individual correspondentes.
- ✓ Non conducirá nunca baixo os efectos de cansazo ou fatiga.
- ✓ Non comerá en exceso nin inxerirá bebidas alcohólicas.
- ✓ Non tomará medicamentos sen prescrición facultativa, en especial aqueles que produzan efectos negativos para unha axeitada condución.
- ✓ Non deberá fumar mentres conduce.
- ✓ No caso de producirse un derramo, deberá obturar a fuga, sempre que lle sexa posible e non entrañe risco.

O regador:

- ✓ Porá especial coidado cando limpe os pulverizadores atascados da rampla para evitar que lle salte asfalto.
- ✓ Limpará os pulverizadores co vehículo parado e debidamente asegurado mediante o freo.
- ✓ Cando o rego se faga dende a rampla situarase nun lugar onde o condutor poida velo e non poida ser alcanzado polo vehículo ou polo asfalto.
- ✓ Queda prohibida a estanza de persoa algunha, salvo o regador, no radio de acción do vehículo e da súa lanza para rego.
- ✓ Estará sempre atento aos movementos do camión cisterna.
- ✓ Cando estea a regar coa lanza apuntará sempre contra o chan, nunca o fará para arriba nin en horizontal.
- ✓ Se precisa desatascar a boquilla da lanza farao con sumo coidado e grande atención, non abrirá a chave de liña antes de rematar a operación e ao probar apuntamentará ao chan, nunca noutra dirección.
- ✓ A utilización do equipo de protección individual é de uso obrigatorio, non traballará sen el aínda que lle resulte incómodo.

- o *Estendedora de aglomerado*

En traballos que afecten a vías públicas organizar e compaxinar convenientemente o tráfico rodado e de obra (aplicar, se corresponde, a Norma de Estradas 8.3. –IC "Sinalización de obras"). Tanto peóns sinalistas como a sinalización de obra.

Acoutarase ou balizarase a zona de actuación da máquina, e sinalizarase "risco de maquinaria pesada en movemento". A circulación da obra estará organizada de tal forma que non existan interferencias con outras zonas.

O tráfico de obra e as manobras de aproximación e vertedura do aglomerado (camións bañeiras) na moega estarán dirixidas por persoal específico.

Presenza do persoal necesario no tallo.

Os operadores e axudantes procurarán colocarse na zona contraria á dirección do fume.

Comprobar, antes de iniciar a actividade, que están colocadas todas as protección dos elementos móbiles.

Os accesos á cabina (e esta mesma) manteranse limpos de sucidade e sen ferramentas de traballo.

A estendedora estará dotada de faros dianteiros e luces de posición traseiras e levará extintor na cabina. En caso de afectar a vía publica terá luz rotatoria.

Sobre a estendedora en marcha só poderá estar o condutor.

Prohibido o acceso dos operarios á regra vibrante durante as operacións de estendido.

Os bordos laterais da estendedora, en prevención de atrapamentos, estarán sinalizados a bandas amarelas e negras alternativas.

Colocación sobre a máquina, nos lugares de risco específico, sinais de "Perigo substancias quentes" (perigo, lume), "Non tocar altas temperaturas".

Ao efectuar a carga do betume, comprobarase previamente o correcto axuste da boca do bidón, en previsión de posibles desprendementos no izado. O tambor de secado deberá estar quente, antes de cargar o material no elevador.

Deberanse acender os chisqueiros con lapa de gas butano ou, no seu defecto, mediante un hisopo longo. Procurarase que o aglutinante dispoña de aditivos antiespumante, para evitar a obturación dos chisqueiros.

Para evitar a inflamación por quentamento excesivo do betume, vixiarase a temperatura frecuentemente, cun termómetro fiable.

Os tubos de quentamento das caldeiras deberán manterse ben cubertos de asfalto.

O nivel do asfalto non se poderá comprobar baixo ningunha circunstancia mediante lapa descuberta.

En caso de apagarse o chisqueiro:

- ✓ Cortarase a alimentación de combustible.
- ✓ Apagar ben o tubo de quentado, utilizando o ventilador, co fin de evitar a posibilidade de retorno da lapa.

Non se dará temperatura aos tubos de quentamento con trapos acendidos.

O asfalto derramado arredor das caldeiras debe limparse inmediatamente.

Non se poderán abrir os orificios de inspección mentres haxa presión na caldeira.

A mesturadora e o tambor de secado non poderán inspeccionarse nin repararse mentres estean a funcionar.

Cando se proceda a limpar os depósitos con vapor, deberanse tomar as precaucións necesarias para impedir que aumente a presión.

Cando, por necesidades do traballo, quede a máquina sobre superficie inclinada, deixarase ben freada e calzada.

Non se deixarán no chan as canalizacións flexibles cando non se estean a utilizar.

Utilización de chalecos reflectantes se se afecta a vías públicas.

Disporase dos medios de extinción de incendio axeitados.

As plataformas elevadas das esparcideiras de asfalto disporán de varanda de seguridade completamente equipada e escada de acceso antiesvarante.

Os pisos de madeira expostos a proxeccións de aglutinante estarán recubertos de chapa metálica corrugada.

A transmisión trapezoidal terá unha carcasa eficaz contra atrapamentos.

En caso necesario, a mesturadora deberá estar ben protexida na súa parte superior, cunha cuberta de mallazo electrosoldada.

Os esparexedores de aglutinante disporán dun apantallado resistente ao lume, cun orificio de observación.

As canalizacións de aceite e asfalto quente estarán ben illadas, en previsión de queimaduras.

As canalizacións flexibles sometidas a presión terán unha envoltura coaxial ou articulada metálica.

Para previr a formación de po de rocha na esparexedora de asfalto, deberase:

- ✓ Equipar cun sistema mecánico de aspiración á envoltura da criba e cámara mesturadora.
- ✓ Os caneiros e embudes de rebosamento da criba deberán estar pechados.
- ✓ O sistema transportador de escouras deberá estar recuberto nos puntos de traspaso e descarga.
- ✓ O conduto de descarga do secador ao elevador da criba, deberá estar equipado cunha xunta eficaz, estanca ao po.

O mantemento e as reparacións levaranse a cabo co equipo inactivo e, a ser posible, frío.

A revisión xeral da estendedora asfáltica e o seu mantemento, deben seguir as instrucións marcadas polo fabricante. Prestarase especial atención á eliminación de residuos de aglutinante.

Diariamente comprobaranse a correcta colocación de resgardos, pantallas e carcasas protectoras sobre as moreas, articulacións e transmisións.

8.4 Formigonado

- *Camión formigoneira*

Comprobación diaria dos niveis (aceite, hidráulico).

Vixiar a presión dos pneumáticos, limpeza de espellos retrovisores e parabrisas, comprobar funcionamento de luces e sinalización acústica, especialmente a de indicación de retroceso.

Antes de acceder á zona de obra estudarase a súa localización, o terreo e a súa carga máxima admisible. Preveranse posibles interferencias con liñas eléctricas, afundimentos ou xiros.

O percorrido dos camións-formigoneira no interior da obra efectuarase por lugares preestablecidos e definidos.

En pendentes superiores ao 16% non é aconsellable a subministración de formigón co camión.

As manobras de carga serán lentas para evitar colisións coas plantas de formigonado

Non superar os 20 km/h no recinto da obra.

Os condutores dos camións-formigoneira serán informados das zonas de risco e das instrucións de circulación.

A posta en estación e os movementos do camión-formigoneira durante as operacións de vertedura, serán dirixidos por un sinalista.

Dispoñer de botica de primeiros auxilios de primeiros auxilios, un extintor de incendios de neve carbónica, da ferramentas esenciais e de lámpadas de reposto.

As formigoneiras non deberán ter partes saíntes.

Colocaranse topes no bordo dos baleirados para eliminar o risco de posible caída en retrocesos.

Cando se proceda a despregar a canaleta, o operario situarase fóra da súa traxectoria e a cadea de seguridade que suxeita a canaleta non será retirada antes de situar esta en descarga.

Se se emprega alcatruz para a distribución do formigón aos tallos, porase especial coidado en que ningún operario se coloque entre a zona de descanso sobre o terreo do forno e a parte traseira do camión ou paramento vertical lindante. Disporanse dous taboleiros, a xeito de durmintes, sobre o terreo, para asentar o forno e evitar o risco de atrapamento dos pés.

Para subir á parte superior da cuba empregaranse medios auxiliares.

Procederase a lavar a cuba con auga ao final de cada xornada, especialmente as canaletas.

A limpeza da cuba e canaletas efectuarase en lugares que se establecerá para tal fin.

Ao finalizar o servizo e antes de deixar o camión formigoneira, o condutor deberá accionar o freo de estacionamento, engrenar unha marcha curta e en caso necesario bloquear as rodas mediante calzos. As chaves de contacto e de encravamentos, permanecerán baixo custodia do condutor.

Disporase dun extintor de incendios de capacidade axeitada.

Os elementos para subir ou baixar serán antiesvarantes.

O camión formigoneira posuirá os dispositivos de sinalización que marca o código da circulación.

Disporase de sinal acústico de retroceso.

A escaleira de acceso á moega debe dispoñer dunha plataforma lateral situada aproximadamente 1 metro por debaixo da boca, equipada cun aro quitamedos.

Periodicamente realizarase unha revisión dos mecanismos da hélice, para evitar perdas de formigón nos desprazamentos.

Regularmente revisarase o aperte de parafusos en escaleiras, aros quitamedos, plataformas de inspección da moega de carga, proteccións e resgardos sobre engrenaxes e transmisións, etc.

Diariamente comprobaranse os niveis e estanquidade de xuntas e manguitos.

Seguiranse as revisións prescritas no manual de mantemento do vehículo.

- *Bomba para formigón autopropulsada*

O persoal encargado do manexo da bomba de formigón estará especializado no manexo e mantemento.

Instalaranse topes de final de percorrido da bomba de formigón autopropulsada.

Non se situarán operario detrás dos camións formigoneira durante o retroceso.

A manobra de vertedura será dirixida por un capataz que vixiará non se realicen manobras inseguras.

Delimitaranse as zonas de actuación.

Sinalizaranse os itinerarios da maquinaria e dos operarios.

Os dispositivos de seguridade do equipo de bombeo, estarán sempre en perfectas condicións de funcionamento. Prohíbese a súa modificación ou manipulación.

As bombas para formigón a utilizar na obra pasarían unha revisión anual nos talleres indicados polo fabricante, demostrándose o feito ante a Dirección Facultativa.

A bomba de formigonado, só poderá utilizarse para bombeo de formigón segundo o "cono" recomendado polo fabricante en función da distancia de transporte.

O Vixilante de Seguridade, antes de iniciar o bombeo do formigón, comprobará que as rodas da bomba están bloqueadas mediante calzos e os gatos estabilizadores en posición co encravamento mecánico ou hidráulico instalado.

Antes do inicio do formigonado establecerase un camiño seguro, para os operarios que gobernan a vertedura coa mangueira.

Antes de iniciar a subministración asegurarse de que todos os acoplamentos de panca teñen en posición de inmobilización os seus pasadores.

Antes de verter o formigón na moega asegurarse de que está instalada a grella.

Non tocar nunca directamente coas mans a moega ou o tubo oscilante se a máquina está en marcha.

Se hai que efectuar traballos na moega ou no tubo oscilante, primeiro parar o motor de accionamento, purgar a presión do acumulador a través da billa, logo efectuar a tarefa que se requira.

Non traballar co equipo de bombeo en posición de avaría ou de semiavaría. Deter o servizo, para a máquina.

Se o motor é eléctrico: antes de abrir o cadro xeral de mando, asegurarse da súa total desconexión; non intentar modificar ou pontear os mecanismos de protección eléctrica.

Comprobar diariamente, antes do inicio da subministración, o estado de desgaste interno da canalización de transporte mediante un medidor de espesores. Non medir o bo estado da canalización mediante golpeo. Non medir a canalización baixo presión.

Se hai que bombear a gran distancia, antes de subministrar o formigón, probar os condutos baixo presión de seguridade.

Respectar o texto de aviso de todas as placas instaladas na máquina.

8.5 MAQUINARIA DE ELEVACIÓN

- *Camión grúa*

Sempre se colocarán calzos inmovilizadores nas catro rodas e nos gatos estabilizadores, antes de iniciar as manobras de carga que, como as de descarga, serán sempre dirixidas por un especialista.

Todos os ganchos de colgue, aparellos, balancíns e eslingas ou estribos disporán sempre de ferrollos de seguridade

Vixiarase especificamente que non se supera a carga máxima admisible fixada polo fabricante do camión.

O gruísta terá sempre á vista a carga suspendida e, se iso non fose posible nalgunha ocasión, todas as súas manobras estarán dirixidas por un sinalista experto.

Estará terminantemente prohibido realizar arrastres da carga ou tiróns nesgados desta.

O camión grúa nunca deberá estacionar ou circular a distancias inferiores aos dous metros do bordo de escavacións ou de cortes do terreo.

Prohibirase a permanencia de persoas arredor do camión grúa a distancias inferiores a 5 metros deste, así como a permanencia baixo cargas en suspensión.

O condutor terá prohibido dar marcha atrás sen a presenza e axuda dun sinalista, así como abandonar o camión cunha carga suspendida.

Non se permitirá que persoa algunha allea ao operador acceda á cabina do camión ou manexe os seus mandos.

Nas operacións con camión grúa utilizarase casco de seguridade (cando o operador abandone a cabina), luvas de coiro e calzado antiesvarante.

- *Grúa autopropulsada*

Acoutarase a área de influencia da grúa e colocaranse sinais "risco de caída de obxectos" e "maquinaria pesada en movemento".

Na proximidade a liñas eléctrica de menos de 66 kV a mínima distancia a tendido será de 3 m; en caso de liñas de máis de 66 kV, esta distancia será superior a 5 m.

En proximidade dalgún centro emisor e para evitar os efectos da corrente estática ao estrobador, disporase dunha eslinga de banda téxtil, de resistencia abonda entre o gancho da grúa e os aparellos ou a peza a izar.

Durante os traballos de elevación, a grúa deberá estar asentada sobre terreo horizontal cos gatos estendidos e debidamente calzados, ata conseguir a perfecta solidez do terreo.

A grúa asentarase afastada dos cortes de escavación e bordos de noiro do terreo.

Para evitar esmagamento de persoas, deberase gardar un mínimo de 0,60 m entre as partes máis saíntes do conxunto da máquina – carga e o paramento vertical máis próximo. Se isto non é posible, impedirase o paso de persoas con balizamento e sinal de "prohibido o paso a peóns".

Nas grúas sobre pneumáticos, mesmo con estabilizadores, é perigoso manipular cargas pola parte frontal. Se é imprescindible, deben consultarse as instrucións do fabricante acerca da carga máxima e as demais precaucións a observar.

Durante os traballos de xiro da pluma, o gruísta debe vixiar a traxectoria co fin de evitar colisións con calquera elemento. En especial, o contacto con liñas eléctricas aéreas. Se por descoido se producise este accidente, o maquinista non abandonará a cabina e de ter que facelo, farao dun salto a terra.

O operador deberá estar situado de forma que vexa a carga ao longo de toda a súa traxectoria, de non ser así, deberá haber un sinalista.

O operador coidará de non sobrevoar a carga por enriba de persoas.

Durante os traballos non deberá permanecer persoa ningunha no radio de acción das máquinas. Así mesmo, débense colocar carteis adhesivos no bastidor co fin de advertir ás persoas destes riscos.

As grúas non son máquinas de transporte; non debe desprazarse nunca a grúa con carga na súa pluma, é causa probable de xiro e graves accidentes.

Non se utilizará a grúa para o transporte de persoas. O traballo esporádico sobre "cesta" unicamente se poderá efectuar cando o traballador dispoña de cinto anticaídas e un segundo cable fiador independente do correspondente ao gancho da grúa.

Nunca se efectuarán tiros nesgados, arrastre de cargas, nin se intentarán arrancar cargas que permanezan suxeitas.

Non se realizarán paradas dos movementos de xiro e translación con contramarcha.

Non se poderán bloquear con cuñas, ligaduras, etc., os contadores de manobra, nin tampouco poderán accionarse coa man.

Suspenderanse as tarefas de izado se se rexistran ventos superiores a 50 km/h.

En todo momento deberá haber no tambor de enrolamento, polo menos dúas voltas de cable.

O maquinista non debe abandonar a cabina se ten unha carga suspendida.

Se a máquina se mollou por calquera causa, débese facer funcionar os freos en baleiro varias veces para evaporar a humidade, antes de manipular unha carga.

É necesario elixir a grúa axeitada á carga, así como estudar detidamente o diagrama carga-distancia dado polo fabricante, non superando en ningún caso o que nel estea indicado.

A carga máxima admisible deberá figurar en lugar visible da máquina.

Estas máquinas necesitan operadores moi instruídos e habituados ao seu uso, debendo estar dotado dos medios de seguridade axeitados, en particular: casco, calzado de seguridade e luvas.

As revisións e reparacións efectuaranse sempre coa máquina parada e con todos os contactos e pupitres de mando perfectamente encravados ou con sinalización, advertindo da operación.

Os elementos da grúa hidráulica telescópica autopropulsada estarán construídos e montados cos factores de seguridade seguintes, para a súa carga máxima nominal: - Ganchos accionados con forza motora: 4 - Elementos de izado de materiais perigosos: 5 - Elementos estruturais: 4 - Cables elevadores: 6 - Mecanismos e eixes de izar: 8 - Cadeas de izado: 5

A cabina do operador disporá de perfecta visión frontal e lateral, estando dotada permanentemente de cristais irrompibles para protexerse da caída de materiais.

A plataforma será de material antiesvarante.

Os aneis, ganchos, elos ou argolas das cadeas serán do mesmo material que estas últimas.

Serán rexeitadas as cadeas que presenten:

